

IES MELIDE

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DO DEPARTAMENTO DE
LINGUA GALEGA E LITERATURA**

CURSO ESCOLAR 2021 – 2022

ÍNDICE

	Pág.
1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	2
1.1. Composición do Departamento	2
1.2. Ensinanzas das que se responsabiliza o departamento	2
1.3. Conexión con outros departamentos	2
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS	3
3. LINGUA GALEGA E LITERATURA NA ESO	5
3.1. Obxectivos curriculares para a ESO	5
3.2. Competencias clave, estándares de aprendizaxe, temporalización, actividades de aprendizaxe, obxectivos, mínimos esixibles, instrumentos de avaliación e criterios de avaliación en relación aos contidos	8
3.3. Concreción de temporalización	97
3.4. Instrumentos de avaliación	97
3.5. Concrecións metodolóxicas na ESO	98
3.5.1. A metodoloxía en 1º e 2º da ESO	99
3.5.2. A metodoloxía en 3º e 4º da ESO	100
3.5.3. Consideracións metodolóxicas a respecto das situacións que se poidan producir no desenvolvemento do curso na ESO	102
3.6. Criterios de cualificación que se establecen	104
3.6.1. Primeiro curso de ESO	104
3.6.2. Segundo curso de ESO	104
3.6.3. Terceiro e cuarto de ESO	105
4. LINGUA GALEGA E LITERATURA NO BACHARELATO.	106
4.1. Obxectivos curriculares para Bacharelato	106
4.2. Competencias clave, estándares de aprendizaxe, temporalización, actividades de aprendizaxe, obxectivos, mínimos esixibles, instrumentos de avaliación e criterios de avaliación en relación aos contidos	109
4.3. Concreción de temporalización	159
4.4. Instrumentos de avaliación	162
4.5. Concrecións metodolóxicas en Bacharelato	162
4.5.1. Cuestións xenéricas sobre a metodoloxía	162
4.5.2. Consideracións metodolóxicas a respecto das situacións que se poidan producir no desenvolvemento do curso no Bacharelato	163
4.6. Criterios e procedementos de avaliación	165
5. LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE	170
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	185
7. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS	187
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	188
9. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS	189
9.1. Plan Lector	192
9.2. Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)	192
9.3. Educación en valores	194
9.4. Accións de contribución ao plan de convivencia	194
10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	195
11. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	199
12. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO	200
13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	200
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	201

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Composición do departamento.

Durante o curso escolar 2021-2022, o Departamento estará composto polas seguintes persoas:

- Sylvia Cea Vázquez.
- M^a Fe Núñez Vázquez.
- Manuel Souto Vázquez.
- Francisco Manuel Veiga García.

Todas as persoas a el pertencentes consensaron a presente programación, redactada polo xefe do departamento segundo as directrices do currículo oficial para cada un dos niveis que constitúen as ensinanzas impartidas neste centro (ESO e Bacharelato). Todas as persoas integrantes do departamento, así mesmo, colaboraron na imprescindible contextualización deste proxecto didáctico, en especial no que á utilización instrumental e a consideración sociolingüística do idioma se refire.

1.2. Ensinanzas das que se responsabiliza o Departamento.

O Departamento está responsabilizado das seguintes ensinanzas durante o presente curso escolar:

- A materia de **Lingua Galega e Literatura** de todos os niveis.
- A materia de **Literatura Galega do Século XX e da actualidade**, de 2º de Bacharelato.
- O módulo de Comunicación e Sociedade de 2º curso da FP Básica.
- Un certo número de períodos lectivos de reforzo nos primeiros cursos da ESO.

1.3. Conexión con outros departamentos.

No curso actual, este departamento encargarase de impartir de xeito globalizado o conxunto de ensinanzas que conforman o Módulo de Comunicación e Sociedade na FP Básica 2: Lingua Galega e Literatura, Lengua Castellana y Literatura e Ciencias Sociais. Polo tanto, procurarase unha coordinación constante cos Departamentos de Lingua Castelá e de Ciencias Sociais.

Máis alá doutras necesarias estratexias de coordinación con outros departamentos didácticos, esta será máis evidente cos de Lingua Inglesa, Francesa e especialmente Castelá para evitar repeticións innecesarias en canto a contidos, para reforzalos e para unificar terminoloxías, criterios... en todos os cursos nos que se imparte a materia. Como semella lóxico, isto sucederá particularmente tamén co Departamento de Portugués. Programaranse, igualmente, actividades concretas con departamentos específicos (Música, Grego, Matemáticas...).

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

As competencias aparecen definidas como as “capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo especial fincapé na competencia lingüística.

A. Comunicación lingüística (CCL).

A área de *Lingua e literatura galegas* é o ámbito no que se desenvolve primordialmente a competencia en comunicación lingüística, pois estamos a falar dun alumnado de base galego-falante; iso significa que o instrumento máis frecuente e máis recorrente á hora de comunicárense cos demais é o galego. Neste departamento estamos a ter, polo tanto, un obxecto de estudo que coincide plenamente coa ferramenta comunicativa dos nosos alumnos e alumnas, e ampliar e perfeccionar o uso desa ferramenta, mellorando en consecuencia a competencia comunicativa dos rapaces e rapazas, convértese, obviamente, no noso obxectivo prioritario.

B. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

A contribución da lingua galega á competencia matemática e ás competencias básicas en ciencia e tecnoloxía explícase doadamente polo seu carácter vehicular, pois comprender enunciados, interpretar problemas correctamente ou utilizar de forma precisa a terminoloxía específica das matemáticas, da ciencia e da tecnoloxía son fundamentos sen os que estas materias non poderían ser asumidas de forma significativa. A competencia lingüística é, xa que logo, a chave coa que se abre a porta destas competencias,

a súa tradutora e intérprete na resolución de operacións variadas e a súa eterna portavoz na adquisición de novos coñecementos relacionados con estas áreas.

C. Competencia dixital (CD).

En canto á competencia dixital, é necesario aprender a utilizar unha serie de ferramentas presentes na actualidade en soportes variados que lles permiten aos rapaces e rapazas obter información verbo da área que nos ocupa: desde as máis estritamente lingüísticas, como dicionarios ou correctores ortográficos, ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais...), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...) ou as meramente informativas (relacionadas con outras materias ou non) elaboradas en lingua galega. Neste sentido, a lingua mesma é unha ferramenta: aquela con que os cidadáns e cidadás nos enfrontamos á crecente cantidade de información de que se dispón. Con ela podemos e debemos seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformala en coñecemento.

D. Aprender a aprender (CAA).

En canto á competencia para aprender a aprender, desenvólvese ao contribuír a linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe; en concreto, falamos de accións como perfeccionar a lectura comprensiva, compoñer resumos e esquemas que organicen as ideas, interpretar as informacións lingüísticas dos dicionarios, expoñer temas e sacar conclusións sobre determinadas tarefas académicas, etc..Esta área favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos. Tamén contribuirá decisivamente a valorar a lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio

E. Competencias sociais e cívicas (CSC).

A aprendizaxe da lingua concibida como desenvolvemento da competencia comunicativa contribúe decisivamente tamén ao desenvolvemento da competencia social e cívica, entendendo por esta un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. Tamén se contribúe desde esta materia na medida en que se analizan os usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo. O traballo das

destrezas dialóxicas prepara para compartir e respectar saberes e referencias culturais, e será en aspectos coma este nos que repararemos.

F. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

A iniciativa persoal e o espírito emprendedor promóvense desde a materia de *Lingua e literatura* por medio do contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación: a intervención en situacións reais ou simuladas; os obradoiros de escrita; a lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade; o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas; a localización e selección de información; a orientación lectora; o fomento da autoestima lingüística, etc. Pero, ademais, o propio traballo da linguaxe é clave na análise de problemas, na elaboración de plans innovadores e nas toma de decisións.

G. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A conciencia e as expresións culturais desenvólvense aprendendo a comprender, apreciar e valorar con criterio manifestacións estéticas. Nesta área, isto concrétese sobre todo no ámbito literario, mais tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade popular da fala. Tamén se contribúe con esta competencia a que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías, catálogos ou a presenza do literario na prensa) adquira sentido para o alumnado

3. LINGUA GALEGA E LITERATURA NA ESO

3.1. OBXECTIVOS CURRICULARES PARA A ESO

Segundo queda reflectido nas disposicións ao respecto, a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no

diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

E, tomando como referencia estes obxectivos curriculares, o Departamento de Lingua Galega do IES Melide estruturou do modo que se especifica a seguir os obxectivos, as actividades de aprendizaxe, a temporalización, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as competencias clave e os mínimos esixibles en relación aos contidos.

3.2. OBXECTIVOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES EN RELACIÓN AOS CONTIDOS

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar								
dehñ	B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.	<ul style="list-style-type: none"> - Audición e /ou visionado de noticias - Explicación e/ou resumo do seu contido ao grupo clase. - Lectura (en pequenos grupo)s de noticias ou reportaxes en periódicos ou revistas. 	20 horas aproximadamente, que se repartirán ao longo do curso. Teñen catro horas de clase á semana.	B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).	CCL CAA	Comprende a idea xeral de textos sinxelos e resúmeos.	OD IA
					LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	CCL CAA		
deh	B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).	<ul style="list-style-type: none"> - Debate guiado sobre temas do seu interese. - Actividades guiadas de comprensión, expresión e síntese, de diversos textos sinxelos, en gran grupo e/ou en grupos pequenos. - Lectura de noticias, interpretación e resumo ou idea principal. 		B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	CCL CAA	Recoñece os datos máis relevantes en textos orais de ámbito educativo.	OD IA
					LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	CCL CAA		
acdh	B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura de noticias, interpretación e resumo ou idea principal. - Procura na rede de información sobre un tema dado explicación da mesma ao grupo . - Debates en gran grupo sobre 		B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	CCL CSC	Coñece e aprecia as normas de cortesía na comunicación.	AA OD
					LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	CCL CAA CSC CSIEE		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
a c d e h	B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.	temas de actualidade que sexan do interese do alumnado. - Busca en audicións e intervencións orais de linguaxe - Debate guiado sobre usos discriminatorios da linguaxe. - Dramatizacións de situacións cotiás nas que se use linguaxe discriminatoria e valoración das mesmas pola clase.		B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.	CCL	Identifica a intención comunicativa e as ideas principais de programas informativos.	OD IA PD
					LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	CAA	Extrae conclusións a partir da comparación da mesma noticia en distintos medios de comunicación.	OD IA
					LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	CSC	Rexeita prexuízos e usos lingüísticos discriminatorios.	AA OD
h o	B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.	- Lectura dramatizada de textos variados. - Audición de persoas que usen variedades dialectais. Comparación e debate guiado sobre as mesmas coa finalidade de valoralas e evitar prexuízos.		B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.	LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	CD CAA CSIEE	Busca información utilizando as TIC e utilízaa nas súas producións.	UT OD
					LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.	CD CCL CSIEE	Fai presentacións utilizando as TIC.	PP UT
h o	B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	- Gravacións de conversas, historias ou anécdotas de familiares ou amigos galegofalantes . - Exposición, seguindo unhas pausas de traballos realizados utilizando as TIC.		B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, reconece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.	CCL CAA	Pronuncia correctamente, reconece erros na produción oral e busca solucións.	EF IA OD A
					LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	CAA	Rexeita prexuízos asociados coa pronuncia do galego.	AA OD
					LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a	CCL	Usa a variedade dialectal do bloque central.	OD IA

CCEC

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporali- zación	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
					variedade habitual do seu contexto.			
b e g h	B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.			B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC	Exprésase con coherencia, cohesión e corrección en intervencións espontáneas.	OD IA
					LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL	Segue as regras morfosintácticas do galego nas intervencións espontáneas, e coida especialmente a fonética e o uso dos pronomes átonos.	EF IA OD
					LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	CCL	Utiliza fraseoloxía do galego.	EL IA
					LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	Utiliza léxico variado	IA OD
a c d h	B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).			B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.	CCL CSC	Intervén en debates respectando as regras de interacción e seguindo as instrucións da persoa moderadora.	PD OD
					LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	CCL CSC		
a b	B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias			B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións	CAA	Elabora guións para organizar os contidos.	OD

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
c g h o	necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.			ou informais, de forma individual ou en grupo.	formais ou informais breves.	CAA	Elabora guións para organizar os contidos.	OD
					LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade	CCL CSC CSIEE	Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal.	R e D AA
					LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.	CCL CSC		
					LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.	CCL CAA	Incorpora progresivamente palabras do nivel formal nas súas producións orais.	OD
					LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CAA	Analiza similitudes entre discursos formais e espontáneos.	OD IA
					LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	CAA CCL	Recoñece os erros nos discursos orais e trata de evitalos.	OD AA
a d h l ñ	B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas			B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	CCL CSC CSIEE CCEC	Intercambia información e expresa opinións.	PD OD IA

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporali- zación	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
	de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.				LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	CSC CSIEE	Solicita unha información ou servizo.	IA OD
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir								
b f h	B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	- Lectura comprensiva de diferentes textos. - Prácticas de lectura eficaz.	40 horas aproximadamente, que se repartirán ao longo do curso. Teñen catro horas de clase á semana.	B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.	CCL CCA	Consegue analizar e sintetizar.	OD CA PE E R
		- Dramatización en gran grupo da obra <i>O achado do castro</i> .			LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.	CCL	Realiza esquemas xerarquizados	
		- Lectura de poemas de Manuel María, Carlos Negro e outros poetas galegos. <i>- Lectura de contos de medo polo Samaiñ.</i>			LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.	CCL		
		- Lectura de textos relacionados coa violencia de xénero e posterior debate.			LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.	CCL CCA	Sabe usar o dicionario e deducir o significado das palabras polo contexto	L UD EL
		- Exercicios de subliñado.			LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).	CCL		
		- Elaboración de esquemas e resumos de diferentes textos.			LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.	CCL CCA CD	Sabe extraer información de distintos tipos de textos.	L UT TA

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporali- zación	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
		- Lectura e busca das ideas principais e secundarias de textos.			LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	CCL CCA		
d e h	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.	- Visita á biblioteca do centro para coñecer os recursos que poden atopar nela. - Xogo de pistas na biblioteca. - Obradoiro de poesía.		B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.	LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	CCL CSC	Comprende, interpreta e sintetiza textos.	L TA PE IA CA
d e h	B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.	- Redacción de textos. - Prácticas de emprego do dicionario en papel e en internet.		B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	CCL CSC	Comprende e sintetiza escritos dos medios de comunicación	
d e h	B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.	- Actividades contextualizadas de aprendizaxe de vocabulario básico. - Exercicios en rede de ampliación de vocabulario. - Lectura comprensiva de textos instrutivos sinxelos. - Producción de pequenos textos instrutivos da vida diaria.		B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.	LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.	CCL CAA CD CSC	Sabe interpretar textos sinxelos das webs educativas.	UT TA UD
		- Elaboración de receitas de			LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.	CCL	Segue instrucións na realización de tarefas.	OD

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso										
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporali- zación	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)		
b e h	B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	cociña dos pratos típicos do entroido. - Actividades guiadas de comprensión de sinxelos textos narrativos, descritivos e expositivos.		B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	CCL CAA CD	Obter información das bibliotecas e as TIC.	UT TA UB		
c d h	B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.	- Producción en pequenos grupos de textos narrativos, descritivos, expositivos ou instrutivos. - Elaboración de textos narrativos para os distintos concursos de relatos e microrrelatos: Samaín, Letras Galegas, Día da violencia de xénero...		B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	CCL CSC	Recoñece e critica prexuízos e usos lingüísticos discriminatorios	OD AA IA		
		- Ampliación de textos a partir dun enunciado. - Elaboración de textos seguindo unhas pautas. - Preparación dun traballo utilizando un procesador de textos e un corrector ortográfico.			LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	CCL CSC				
h ñ	B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.	- Ampliación de textos a partir dun enunciado. - Elaboración de textos seguindo unhas pautas. - Preparación dun traballo utilizando un procesador de textos e un corrector ortográfico.		B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.	CCL	Le textos de maneira adecuada.	L ReD OD		
		- Traballo con documentos compartidos en Google.			LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.	CCL			Utiliza a fonética do galego.	EF
		- Redacción de comezos de			LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	CCL CD				OD L
b e h	B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos	- Redacción de comezos de		B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e	LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.	CCL	Utiliza esquemas.	CA OD		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
b e h	adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	<p>textos narrativos seguindo modelos e pautas dadas.</p> <p>Elaboración de s historias en pequenos grupos: un grupo comeza e outro remata a historia.</p> <p>- Redacción de sinxelas descrições a partir de modelos e pautas dadas.</p> <p>- Redacción dun texto coherente e ben cohesionado a partir de enunciados inconexos.</p> <p>- Realización de sinxelos traballos para expoñer na aula.</p> <p>- Actividades de autoavaliación das producións escritas.</p>		correctos gramaticalmente.	LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.	CCL	Utiliza esquemas.	CA OD
					LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.	CCL	Escribe textos adecuados aos distintos rexistros.	CA
					LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.	CCL	Utiliza adecuadamente os conectores e a concordancia na produción de textos.	EM CA PE
					LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).	CCL	Puntúa adecuadamente os textos tendo en conta as ideas expresadas.	CA PE
					LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	CCL CD	Coñece e aplica as normas ortográficas e morfolóxicas.	EM PE CA
b e h	B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.			B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	CCL CD CSC	Sabe escribir cartas, avisos, mensaxes electrónicas e de móbil, etc	CE UT PE
b e h	B2.10. Produción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación,			B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	CCL CD CSC	Redacta noticias	OD CA PE

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporali- zación	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
	fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.							
					LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.	CCL	Recoñece as seccións do xornal,	OD TA
b e h	B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.			B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	CCL CD	Produce narracións, descripcións e textos expositivos.	UT CA PE
b e h	B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descripcións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.			B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descripcións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descripcións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	CCL		
b e h f	B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.			B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.	CCL CD	Utiliza un procesador de textos	UT TA
					LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e	CCL	Sabe usar correctores ortográficos	UT TA

CD

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
					revisar a ortografía.			PT
b f h	B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.			B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.	LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.	CCL CAA	Revisa e mellora as producións escritas.	CA PE IA
					LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.	CCL CAA	Ten actitude de superación	OD AA
Bloque 3. Funcionamento da lingua								
b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	- Actividades de léxico no caderno de clase sobre diferentes campos semánticos (o instituto, o deporte, oficios e profesións, o corpo humano, a vestimenta, as novas tecnoloxías, os medios de transporte, o coidado do medio e os animais).	35 horas aproximadamente, que se repartirán ao longo do curso. Teñen catro horas de clase á semana.	B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.	CCL	Coñece emprega un vocabulario amplo.	EL CA
a d e	B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.	- Actividades e xogos de léxico en Internet. - Xogos de coñecemento e emprego de fraseoloxía. - Investigación e recollida, no ámbito familiar, de fraseoloxía galega e posta en común na aula.		B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.	CCL CAA	Pronuncia correctamente o galego.	OD A G
b e n l	B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.	- Diferentes exercicios e trabalinguas para exercitar a correcta pronuncia dos fonemas da lingua, especialmente as vogais abertas e pechadas.		B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.	CCL CD	Sabe consultar o dicionario en diferentes soportes.	UD UT EL OD
b	B3.4. Aplicación e	- Ditados e diferentes exercicios		B3.4. Aplicar e valorar as normas	LGB3.4.1. Aplica correctamente as	CCL	Coñece e aplica as	EM

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
e	valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	de ortografía realizados no caderno de clase ou en Internet. - Competición ortográfica en pequenos grupos: buscamos erros en escritos da vida diaria, facémoslle unha foto co móbil , clasificámoslos e comentámoslos na clase		ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL	normas ortográficas e morfolóxicas.	CA PE
	LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.				CCL			
e	B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	- Buscamos erros ortográficos en puntuacións escritas dos compañeiros.		B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.	CCL	Elabora textos ben cohesiónados.	CA PE OD
b e	B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.	- Actividades de uso e valoración da utilidade da correcta puntuación dos textos escritos. - Exercicios variados no caderno de clase ou na rede de recoñecemento e emprego das distintas clases de palabras. - Exercicios de identificación das principais unidades e funcións sintácticas da O. Simple.		B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.	CCL CAA		
e l n	B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deixé persoal.	- Xogos de coherencia e cohesión de textos (individuais, en parellas ou en grupo). - Actividades de concordancia. - Exercicios orais e escritos de recoñecemento das modalidades oracionais.		B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deixé persoal.	LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.	CCL CAA	Recoñece e usa os deícticos.	EM CA
e h	B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	- Proxecto de animación lectora en colaboración cos Dtos de Inglés e Francés e co Equipo de Biblioteca: realizamos sinxelas		B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).	LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.	CCL CAA	Recoñece e usa correctamente os conectores	EM TA PE
e	B3.9. Coñecemento das			B3.9. Coñecer as regras de	LGB3.9.1. Producir textos orais e	CCL	Coñece e utiliza	EM

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
h	reglas de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	recensións de libros (en galego, inglés, francés, rumano, portugués, etc) e publicámolas na revista escolar ou na páxina web do centro. - Observación e corrección na aula das producións escritas. - Observación da actitude do alumnado para aceptar as correccións de erros e da motivación para aprender a corrixilos. - Actividades de autoavaliación das producións escritas.		concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.	CAA	correctamente as regras de concordancia.	CA PE
	LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.				CCL CAA	Identifica o suxeito e o predicado nas oracións.	EM TA PE	
e h	B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.		B3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	CCL CAA	Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas.	TA ReD
	B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.			B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.	CCL CAA	Recoñece erros nas producións escritas.	ATE
b e h	B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos	B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos	B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CD	Evita estereotipos lingüísticos Valora a competencia lingüística multilingüe	OD IA AA	

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrum. de avaliación (abrev.)
- Finalmente, o feito de que se trate dun momento na vida escolar no que se achega a fin dunha etapa obrigatoria –co conseguinte acrecentamento, ás veces, das dificultades– debe provocar estar especialmente atentos desde a óptica metodolóxica a aqueles alumnos/as aos que o seguimento ordinario do traballo de aula se lles vai facendo máis difícil.
- Tendo en conta todas estas consideracións, e aínda contemplando precisamente a necesidade de adaptación metodolóxica ás circunstancias de cada momento, en termos xerais, propóñense como estratexias metodolóxicas as seguintes:
 - O uso de métodos de carácter dedutivo nos planos:
 - Morfolóxico: o alumnado debe retomar, ou, no seu defecto, aprender de novo, os fundamentos da morfoloxía (tipos de palabras e uso, análise da forma...). Prestaráselle especial atención a este plano durante o 3º curso.
 - Sintáctico: cómpre consensuar un método de análise e poñelo en práctica ao longo do ciclo (neste caso en 4º curso).
 - Textual: só no referente á elaboración dun modelo de comentario que o alumno terá presente unicamente como referencia (tanto en 3º como en 4º da E.S.O.).
- A exposición informativa para o tratamento de:
 - Lexislación relativa á lingua.

- Historia externa do idioma.
 - Variedade dialectal.
 - Autores, obras e correntes literarias.
- A vía indutiva para o tratamento de:
 - Subcódigos lingüísticos: abreviaturas, siglas, acrónimos...
 - Estudo de boa parte dos campos semánticos.
- A proposta da investigación para:
 - A lingua nos medios de comunicación.
 - As canles de comunicación de creación máis recente.
 - A lingua nos eidos *extralingüísticos* (etnografía, mundo laboral, núcleos sociais específicos ...).
 - A estabilidade das variedades dialectais: repercusións do progreso na delimitación das áreas lingüísticas actuais.

3.5.3. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS A RESPECTO DAS SITUACIÓNS QUE SE POIDAN PRODUCIR NO DESENVOLVEMENTO DO CURSO NA ESO

De ser preciso algún tipo de ensino telemático, sexa polo confinamento do alumnado –en todo ou en parte– ou do profesorado, serán tidas en conta as pautas que se establecen a seguir:

Estratexias organizativas

- Todos os luns a primeira hora, e mentres dure o confinamento, poñerase a disposición do alumnado a proposta semanal de traballo, que deberá ser entregado no prazo que se estableza en cada caso tendo en conta a tipoloxía da proposta.
- Haberá unha posibilidade constante de contacto, e de retroalimentación, co profesorado a través, particularmente, do correo electrónico. En todo caso, o profesorado utilizará preferentemente os medios da aula virtual do centro para comunicarse co alumnado.
- Transcorrido o prazo establecido, serán revisadas as tarefas, cun mínimo comentario de cada unha delas, se é do caso, que lle será remitido ao alumnado.

De ser difícil o contacto virtual, poderá optarse por facerlle chegar ao alumnado a proposta de traballo por un sistema impreso a través dos mecanismos previstos polo centro. Non se descarta, neste caso, o contacto telefónico.

Tipoloxía das actividades

Desenvolveranse, fundamentalmente, tres tipos de actividades:

- De lectura e de produción de textos, procurando o adestramento das destrezas básicas.
- De pequenas investigacións sobre aspectos diversos relacionados coa materia: busca de información, elaboración de pequenos informes...
- Propostas de reflexión sobre aspectos máis teóricos relacionados coa materia, necesarias –se é o caso– para o desenvolvemento dos dous tipos de tarefas anteriores.

Materiais e recursos

Utilizaranse, fundamentalmente, catro tipos de materiais:

- Libros de lectura accesibles nas circunstancias de confinamento.
- Materiais producidos *ad hoc* polo profesorado.
- Textos literarios de diferentes épocas.
- Recursos localizados na Rede.

Información ao alumnado e ás familias

Tanto as adaptacións da programación como as estratexias concretas de traballo, así como as canles de contacto en cada caso, seranlles comunicadas ao alumnado e ás súas familias, nomeadamente a través do Espazo Abalar.

3.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN QUE SE ESTABLECEN

3.6.1. 1º CURSO DE ESO

A cualificación do alumnado pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos tendo en conta tódolos tipos de contidos e os estándares de aprendizaxe; deste xeito, entre o 60 e o 80 % da nota global corresponderá ás probas orais e/ou escritas; as lecturas e as actividades relacionadas con elas suporán un 10% da nota; o traballo diario entre un 10 e un 20%, dependendo dos traballos que se manden realizar . Terase en conta neste apartado a participación nas actividades, hábitos de traballo, emprego da variedade lingüística axeitada, asistencia ás clases... así como as actividades presentadas (traballos escritos, exposicións orais, actividades de expresión...). Finalmente, a puntuación restante corresponderá á actitude do alumno/a no desenvolvemento das actividades lectivas, así como cara aos compañeiros/as, o profesorado ou cara á propia materia.

As lecturas de cada trimestre son de carácter obrigatorio. Se se dese o caso de que un alumno ou alumna tivese unha avaliación positiva en tódolos demais aspectos, a non superación da proba de lectura non impedirá que aprobe a avaliación, se ben deberá recuperar esta parte con posterioridade. Para superar a materia deberá demostrarse a lectura das tres obras obrigatorias. De non cumprirse este requisito, non será superada e o alumno/a deberá recuperala na proba extraordinaria de fin de curso.

Déixase constancia igualmente da decisión de que na avaliación extraordinaria de final de curso a proba escrita fixada constitúa o 100% da cualificación, contemplándose a posibilidade de que o profesorado considere oportuno propoñer ao alumnado traballos ou exercicios para practicar as competencias requiridas durante os meses de verán, facilitando así a adquisición das competencias a avaliar.

Estes criterios poderán experimentar modificacións ao longo do curso para axustalos ás características dos diversos grupos, de xeito que favorezan a superación da materia.

3.6.2. 2º CURSO DE ESO

A cualificación do alumnado pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos, sexan estes de índole máis teórica, de índole máis instrumental, ou de índole máis actitudinal. Deste xeito, unha parte da cualificación global pode vir derivada da realización de

probas estritamente teóricas; outra parte, da realización de comentarios críticos sobre obras de lectura; outra parte, da realización de composicións escritas, a partir de textos dados ou puramente creativas; outra parte, da observación ordinaria do traballo diario do alumno/a; e, finalmente, unha última parte que se poderá orixinar a partir da análise do caderno de traballo do alumno/a e da organización do seu material individual. As obras de lectura de cada trimestre terán carácter obrigatorio. Se se dese o caso de que un alumno ou alumna tivese unha avaliación positiva en todos os demais aspectos, a non superación da proba de lectura non impedirá que supere a avaliación, se ben deberá recuperar esta parte con posterioridade. Para superar a materia deberá demostrarse a lectura das tres obras obrigatorias. De non cumprirse este requisito, non será superada e o alumno deberá recuperala na proba extraordinaria de fin de curso.

As probas orais ou escritas contarán entre un 60 e un 70% da nota; as lecturas e actividades relacionadas con elas, un 10%; a ordenación do traballo diario entre un 10 e un 20%. Finalmente, o 10% restante corresponderá á actitude do alumno/a no desenvolvemento das actividades lectivas, así como cara aos compañeiros/as, o profesorado ou cara á propia materia.

Déixase constancia igualmente da decisión de que na avaliación extraordinaria de final de curso a proba escrita fixada constitúa o 100% da cualificación, contemplándose a posibilidade de que o profesorado considere oportuno propoñer ao alumnado traballos ou exercicios para practicar as competencias requiridas durante os meses de verán, facilitando así a adquisición das competencias a avaliar.

Estes criterios poderán experimentar modificacións ao longo do curso para axustalas ás características de cada grupo de alumnado, e de cada alumno en particular, de xeito que favorezan a superación da materia.

3.6.3. 3º E 4º DE ESO

A cualificación do alumnado pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos tendo en conta tódolos tipos de contidos e os estándares de aprendizaxe, de maneira que:

A proba ou probas escritas serán valoradas entre un 60 e un 80% da cualificación global da avaliación. Teranse en conta na súa valoración os erros lingüísticos graves e leves.

Desenvolverase unha avaliación individual e observativa fundamentada no traballo diario. Este apartado valorarase ata nun 20 %. Se esta avaliación é moi negativa, o alumnado poderá chegar a non superar a materia.

Realizarase tamén a valoración doutras tarefas (comentarios e resumos de textos, exercicios de reflexión metalingüística, lecturas, traballos monográficos...), así como da produción oral, esta valorarase ata nun 10%.

Marcarase un libro de lectura obrigatorio por avaliación. A non lectura da obra pode ser motivo suficiente para non superar a materia. Será avaliado ata un 10% da cualificación da avaliación.

Déixase constancia igualmente da decisión de que na avaliación extraordinaria de final de curso a proba escrita fixada constitúa o 100% da cualificación, contemplándose a posibilidade de que o profesorado considere oportuno propoñer ao alumnado traballos ou exercicios para practicar as competencias requiridas durante os meses de verán, facilitando así a adquisición das competencias a avaliar.

Estes criterios poderán experimentar modificacións ao longo do curso para axustalos ás características dos diversos grupos, de xeito que favorezan a superación da materia.

4. LINGUA GALEGA E LITERATURA NO BACHARELATO

1.1.OBXECTIVOS CURRICULARES PARA BACHARELATO

Segundo queda reflectido nas disposicións respectivas, o Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

E, igual que sucedía na etapa de ESO e tomando como referencia estes obxectivos curriculares, o Departamento de Lingua Galega do IES Melide estruturou do modo que se especifica a seguir os obxectivos, as actividades de aprendizaxe, a temporalización, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as competencias clave e os mínimos esixibles en relación aos contidos.

4.2. OBXECTIVOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES EN RELACIÓN AOS CONTIDOS

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso								
Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar								
b d e	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	<ul style="list-style-type: none"> - Intervencións na clase, espontáneas ou planificadas, sobre temas de actualidade, de interese persoal ou social e asuntos da vida cotiá. - Audición e /ou lectura de noticias, entrevistas, crónicas ou reportaxes. Explicación e/ou resumo do seu contido. - Busca das ideas principais e secundarias dos textos. - Realización de esquemas coas ideas principais e secundarias dos textos orais escoitados. - Debates seguindo as normas relacionadas con este tipo de intervencións, especialmente a de manter as quendas de palabra e respectar as opinións dos compañeiros. - Exposición para toda a 	21 horas aproximadamente, que se repartirán ao longo do curso. Teñen tres horas de clase á semana.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais.	LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CLL	Identifica a idea principal de textos orais.	OD TA PO PD
					LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.	CCL CAA	Recole ideas fundamentais e secundarias en resumos-secundarias en resumos-	PC A R
					LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	CCL CAA	Emite xuízos críticos sobre discursos orais.	AA
b d e	B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.			B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).	LGB1.2.1. Sintetiza o contido dun texto ou responde preguntas concretas relativas á comprensión de textos orais.	CCL CAA	Responde preguntas concretas relacionadas con textos orais	
					LGB1.2.2. Comprende as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación, charla ou conferencia.	CCL CSC	Comprende as ideas principais dunha exposición oral.	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
		<p>clase dun tema de actualidade utilizando unha montaxe en power point que eles/elas mesmos/as realizaron.</p> <p>- Audicións de textos de persoas cunha correcta fonética galega.</p> <p>- Gravacións por parte do alumnado e escoita das mesmas observando a fonética, os seus usos correctos e incorrectos.</p>			<p>LGB1.2.3. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p>	CAA	Recoñece estratexias de organización de contido nunha exposición oral..	
		<p>- Detección e comentario de usos lingüísticos nos que aparezan prexuízos respecto á lingua, ás variantes dialectais e aos falantes.</p>		B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas).	<p>LGB1.2.4. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.</p>	CAA	Participa activamente nunha exposición oral formulando preguntas.	
b	B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas).				LGB1.3.1. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).	CCL CSC CCEC	Recoñece a intención comunicativa en programas de radio e televisión.	
d					LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.	CCL CSC	Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión	
e					LGB1.3.3. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.	CCL	Analiza os recursos verbais e non verbais-	
h						CAA		

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
						CSC		
a	B1.4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.			B1.4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto..	LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	CCL	Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	
b					LGB1.4.2. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.	CSC	Aplica normas de cortesía na comunicación oral.	
e					LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CSC CCL CSIEE	Recoñece a importancia dos elementos prosódicos e a linguaxe corporal.	
m								
d	B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión,			B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de	LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	CAA CCL	Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	
e					LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os	CAA	Consulta fontes de	
g								

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
i m	corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.			elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	borradores e esquemas.	CSIEE	información diversas.	
					LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.	CCL	Presenta os contidos correctamente.	
					LGB1.5.4. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.	CCL CSC	Utiliza o rexistro adecuado.	
					LGB1.5.5. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e a expresión corporal.	
					LGB1.5.6. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.	CAA CD CCL	Emprega as TIC para documentarse, revisar textos e elaborar presentacións.	
e	B1.6. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito			B1.6. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de	LGB1.6.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e	CCL	Desenvolve correctamente	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
g i l	educativo e de divulgación científica e cultural.			divulgación científica e cultural.	corrección gramatical.	CCL	temas do currículo.	
					LGB1.6.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	CCL	Emprega léxico preciso e evita coloquialismos e palabras comodín.	
					LGB1.6.3. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.	CCL CSC	.Emprega recursos verbais e non verbais en textos.	
					LGB1.6.4. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual.	CSC CSIEE	Produce textos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados.	
e h	B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.			B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC		
					LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n	CCL	Respecta as regras morfosintácticas e a fonética propia do galego en intervencións orais.	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
					velar e fonema fricativo palatal xordo).			
					LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.	CCL	Utiliza fraseoloxía propia do galego.	
					LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	Emprega un léxico rico.	
a b e m	B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.			B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL CSC CSIEE	Desenvolve argumentos convincentes e comenta as contribucións dos interlocutores.	
					LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatória.	CCL CSC CSIEE	Aplica normas de cortesía e emprega unha linguaxe non discriminatória.	
a	B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida			B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou	LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo	CAA	Participa en conversas informais.	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
b e m	cotiá, en diferentes rexistros.			informal.	e participa en conversas informais.	CCL CSC CSIEE		
b d e	B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.			B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.	CCL CAA	Recoñece dificultades expresivas e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.	
					LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	CAA CSEIEE		
b e	B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.			B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	CCL CAA	Respecta as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
					LGB.1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.	CAA CCL CSC	Rexeita prexuízos relacionados coa pronuncia.	
					LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CAA CCL CSC	Usa a variedade dialectal propia do Bloque Central.	
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir								
b f h	B2.1. Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	- Busca da idea principal e as secundarias de diferentes tipos de textos. - Elaboración de resumos, esquemas e mapas conceptuais de diferentes tipos de textos. - Lectura e comentario en pequenos grupos de diferentes textos dos medios de comunicación e posta en	31 horas aproximadamente, que se repartirán ao longo do curso. Teñen tres horas de clase á semana.	B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe. LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema	CCL CAA CCL CSC CCL	Realiza resumos e esquemas. Interpreta o sentido global do texto, o propósito comunicativo e emite opinións. Distingue o tema principal e subtemas, e compón	OD PE PP PM CL CT EL

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
		común das conclusións. - Redacción de argumentos para realizar un debate sobre un tema dado. - Análise guiada e non guiada de diferentes textos.			xerarquizado das ideas do texto.	CCL	esquemas.	IA
					LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	CCL CD CAA	Utiliza recursos para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	L UB
b	B2.2. Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas gramaticais e ben presentados.	- Busca na rede de información para elaborar unha montaxe sobre un tema dado. - Visita á biblioteca para coñecer mellor os recursos que se atopan nela e podelos utilizar posteriormente en traballos		B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.	CCL	Presenta os contidos de forma clara e ordenada.	
h		- Emprego das TIC para mellorar a comprensión , ampliar a información e revisar a redacción e ortografía de textos variados. Uso de dicionarios na rede e de correctores ortográficos.			LGB2.2.2. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.	CCL		
					LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.	CCL CSC	Utiliza o rexistro lingüístico adaptado ás situacións.	
					LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.	CCL	Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.	
		- Redacción de comentarios guiados expresando a			LGB2.2.5. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua	CCL	Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
		opinión sobre o contido de diferentes textos.			galega.	CCL	da lingua galega.	
b d e h	B2.3. Comprensión, produción e síntese de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural (dicionarios, glosarios e enciclopedias).	- Redacción de textos informativos e publicitarios, utilizando as TIC.		B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaos).	CCL CD CAA	Comprende. Interpreta e sintetiza o contido de textos de todo tipo.	
					LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	CCL	Identifica o tema e a estrutura, distingue ideas principais e secundarias, analiza os recursos verbais e non verbais de textos expositivos e argumentativos.	
					LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo.	CCL		
					LGB2.3.4. Analiza os recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do/da autor/a, do tema e	CCL CAA		

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
					do xénero textual.			
					LGB2.3.5. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	CCL	Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	
					LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	CCL	Emprega un léxico rico e preciso.	
b	B2.4. Comprensión, produción e valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión.			B2.4. Comprender, producir e valorar de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.	LGB2.4.1. Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.	CCL CSC	Comprende, produce e valora de forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.	
c					LGB2.4.2. Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios.	CCL CSC	Interpreta as mensaxes publicitarias.	
d					LGB2.4.3. Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios.	CCL CSC	Rexeita usos lingüísticos discriminatorios na publicidade.	
h								

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
b f h	B2.5. Análise dos textos descritivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.			B2.5. Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.5.1. Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.	CCL	Identifica as características principais dos textos descritivos e produce outros seguindo un modelo.	
b f h	B2.6. Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.			B2.6. Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.6.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos.	CCL	Identifica a intención comunicativa e as principais características de textos expositivos.	
b f h	B2.7. Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.			B2.7. Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.7.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.	CCL	O mesmo para os textos narrativos.	
b f h	B2.8. Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.			B2.8. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.	CCL	O mesmo para os argumentativos.	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
b f h	B2.9. Análise dos textos dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, e características lingüísticas.			B2.9. Caracterizar, identificar, analizar e producir textos dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.9.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos dialogados.	CCL	O mesmo para os dialogados.	
b e f h	B2.10. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC.			B2.10. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC.	LGB2.10.1. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas- resumo.	CCL CD CAA	Utiliza as TIC para buscar información e realizar resumos.	
					LGB2.10.2. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.	CCL CD	Planifica escritos e révisaos utilizando as TIC	
					LGB2.10.3. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	CCL CD	Presenta correctamente os traballos, seguindo unhas pautas.	
Bloque 3. Funcionamento da lingua								
e	B3.1. Coñecemento e reflexión sobre os principais conceptos de Lingüística	- Exposición de temas de morfosintaxe en gran grupo.	26 horas aproximadamente, que se repartirán ao longo	B3.1. Verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua que posúe o	LGB3.1.1. Emprega os principais coñecementos de Lingüística Xeral para comprender e analizar textos	CCL	Emprega os coñecementos de Lingüística xeral para producir, compor e revisar	PE

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
e	Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas.	- Realización de esquemas ou mapas conceptuais para afianzar e repasar os conceptos.	do curso. Teñen tres horas de clase á semana.	alumnado.	alleos de distintos ámbitos e para producir, compor e revisar textos propios e de temáticas diversas vinculados á comunicación e á linguaxe.	CCL	textos.	IA CA EF
		- Exercicios prácticos de morfosintaxe. - Exercicios prácticos de léxico. Familias de palabras e campos semánticos.			LGB3.1.2. Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.	CCL	Describe os principais conceptos de Lingüística xeral.	EM EL PG OD
a b e	B3.2. Coñecemento dos diferentes rexistros lingüísticos e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos e valoración da importancia de utilizar o rexistro adecuado en relación coa situación comunicativa.	- Exercicios prácticos de adecuación de rexistros. - Exercicios de ortografía.		B3.2. Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento.	LGB3.2.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.	CCL CSC	Recoñece distintos rexistros lingüísticos en textos e valora a súa importancia.	TA UD
		- Redacción de textos e exercicios diversos para practicar a adecuación, coherencia, cohesión e corrección textuais.			LGB3.2.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro axeitado a cada situación comunicativa e aplícao nas súas producións orais e escritas.	CCL CSC		
a b	B3.3. Producción de textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación,	- Corrección, en gran grupo, de textos que carecen de coherencia e cohesión. - Exercicios para usar o		B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación,	LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSIEE	Produce textos correctos.	

c

CAA

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
e	coherencia, cohesión e corrección.	corrector ortográfico e o dicionario na rede e en papel. - Actividades de recoñecemento e clasificación das clases de palabras.		coherencia, cohesión e corrección.	LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSIEE CAA	Produce textos correctos.	
e	B3.4. Caracterización morfolóxica, semántica e sintáctica do substantivo e do adxectivo.	- Actividades prácticas orais e escritas de colocación dos pronomes átonos. - Exercicios prácticos de análise de verbos e de recoñecemento e clasificación das perífrases verbais.		B3.4. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.	LGB3.4.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.	CCL CAA	Identifica e explica os usos e valores do substantivo, adxectivo, determinantes, verbos, perífrases, conectores, adverbios, pronomes, etc e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa.	
e	B3.5. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes (artigo, demostrativo, posesivo, interrogativos, exclamativos, cuantificadores e identificadores).	- Exercicios prácticos de recoñecemento e emprego dos conectores textuais. - Redacción de textos.		B3.5. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.	LGB3.5.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CCL CAA		
e	B3.6. Recoñecemento, descrición e uso da categoría verbal e das perífrases verbais.			B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do verbo e as perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos.	LGB3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CCL CAA		

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
e	B3.7. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos conectores textuais.			B3.7. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais.	LGB3.7.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	CCL CAA		
e	B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.			B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos.	LGB3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CCL CAA		
e	B3.9. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes.			B3.9. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.	LGB3.9.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	CCL CAA		
b e h	B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos			B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou	LGB3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que postúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CD	Participa en proxectos, evita estereotipos lingüísticos e valora a súa competencia como persoa plurilingüe.	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso

Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporaliz.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instr. Aval.
	que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.			culturais.				
b e	B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.			B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA		
Bloque 4. Lingua e sociedade								
p	B4.1. Funcións sociais da lingua.	- Explicación en gran grupo das funcións dunha lingua. - Debate sobre as funcións sociais dunha lingua.	11 horas aproximadamente, que se repartirán ao longo do curso. Teñen tres horas de clase á semana.	B4.1. Distinguir as funcións sociais da lingua e determinar a situación do galego respecto a elas.	LGB4.1.1. Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas.	CCL CSC	Distingue as funcións sociais da lingua	IA PE PD
					LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística.	CCL CSC		
					LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico.	CCL		
					LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua.	CCL CSC		

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso

Ob.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo.	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrumentos de aval
					LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.	CCL		
P	B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.	Explicación deste tema teórico.		B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.	LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade).	CCL	Coñecementos teóricos deste tema.	Proba teórica.
					LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística.	CCL CSC		
					LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego.	CCL CSC		
					LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades.	CCL CSC		

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso

Ob.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo.	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrumentos de aval
					LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade.	CCL		
p	B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	Explicación deste tema teórico.		B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	CCL	Coñecementos teóricos deste tema.	Proba teórica.
p	B4.8. A evolución da conciencia lingüística.	Explicación deste tema teórico.		B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	CCL CSC	Coñecementos teóricos deste tema.	Proba teórica.
Bloque 5. Educación literaria								
e n	B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936: Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as	Explicación deste tema teórico e lectura e análise dalgúns autores desta época.	20 horas	B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936: Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as	LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós	CCL CCL	Coñecementos teóricos deste tema.	Proba teórica.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso

Ob.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo.	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrumentos de aval
	autores/as. Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.			autores/as. Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	(narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	CCL CCL		
e d n	B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	Explicación deste tema teórico e lectura e análise dalgúns autores desta época.		B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos	CCL CCL CCL	Coñecementos teóricos deste tema.	Proba teórica.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso

Ob.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrumentos de aval
					formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.			
e n	<p>B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975:</p> <p>Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.</p> <p>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco- Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</p> <p>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>	<p>Explicación deste tema teórico e lectura e análise dalgúns autores desta época.</p>		<p>B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975:</p> <p>Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.</p> <p>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco- Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</p> <p>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</p>	<p>LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.</p>	CCL	Coñecementos teóricos deste tema.	Proba teórica.
					<p>LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco- Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.</p>	CCL		
					<p>LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de</p>	CCL		

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso

Ob.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrumentos de aval
					Ribadavia.			
e d n	B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	Explicación deste tema teórico e lectura e análise dalgúns autores desta época.		B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Coñecementos teóricos deste tema.	Proba teórica.
					LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL		
					LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL		
e	B5.5. Literatura galega de 1975	Explicación deste tema teórico e lectura e análise		B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de	LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975	CCL	Coñecementos teóricos	Proba teórica.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso

Ob.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo.	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrumentos de aval
n	ata a actualidade: Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	dalgúns autores desta época.		1975 ata a actualidade: Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL	deste tema.	Proba teórica.
	Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.			LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL			
	Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.			LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL			
e d n	B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que	Explicación deste tema teórico e lectura e análise dalgúns autores desta época.		B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que	LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Coñecementos teóricos deste tema.	Proba teórica.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso

Ob.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Tempo.	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	Mínimos esixibles	Instrumentos de aval
e d n	pertencen.	Explicación deste tema teórico e lectura e análise dalgúns autores desta época.		pertencen.	LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Coñecementos teóricos deste tema.	Proba teórica.
					LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL		
					LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL		
e n	B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	Análise dalgunha obra dos autores galegos.		B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	CCL	Saber analizar unha obra literaria.	Puntuación dalgún traballo realizado sobre obras literarias de autores galegos.

4.3. CONCRECIÓN DE TEMPORALIZACIÓN

Tendo en conta a súa condición de materia instrumental, considérase que a maior parte das destrezas que se contemplan para este nivel deben ser dominadas dun xeito progresivo, sen que poida establecerse unha temporalización rigorosa dos chanzos intermedios dese proceso.

No que fai referencia aos contidos máis estritamente teóricos, perséguese distribuílos ao longo do curso do modo que se establece a continuación, enunciando tales contidos dun xeito global.

4.3.1. 1º BACHARELATO

1ª avaliación

1. Lingua e comunicación.
2. As linguas do mundo.
3. Historia interna da lingua.
4. A literatura medieval: A cantiga de amigo.
5. O substantivo e o adxectivo.
6. A cantiga de amor.

2ª avaliación

1. O pronome persoal. Relativos, interrogativos...
2. A cantiga de escarnio.
3. As cantigas de Santa María. A prosa medieval.
4. O artigo, o demostrativo, o posesivo...
5. Os Séculos Escuros.
6. O verbo.

3ª avaliación

1. As perífrases verbais.
2. A literatura anterior ao Rexurdimento.
3. Rosalía de Castro.
4. Manuel Curros Enríquez
5. Eduardo Pondal.
6. Outros/as autores/as do Rexurdimento e da transición ao século XX.

Serán tidos en conta, como é preceptivo uns mínimos esixibles para cada estándar de aprendizaxe.

4.3.2. 2º BACHARELATO

1ª avaliación

- O TEXTO
 - SINTAXE
 - FONÉTICA E FONOLOXÍA
 - SOCIOLINGÜÍSTICA
-
- Tema 1: As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa reparación nos usos.
 - Tema 2: Historia da normativización: a constitución da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.
 - Tema 3: Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
 - Tema 4: O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística
 - Tema 5: O galego de 1936 a 1975: Características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
 - Tema 6: O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

2ª Avaliación

- DIALECTOLOXÍA
 - MORFOLOXÍA
 - LITERATURA
-
- Tema 1: A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.
 - Tema 2: A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.
 - Tema 3: A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
 - Tema 4: O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.
 - Tema 5: A poesía entre 1936 e 1976: a xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.
 - Tema 6: A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).

3ª Avaliación

- SEMÁNTICA
 - LITERATURA
-
- Tema 1: A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.
 - Tema 2: O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - Tema 3: A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
 - Tema 4: A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
 - Tema 5: A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
 - Tema 6: O teatro de fins do século XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.

4.4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Figuran no cadro. As abreviaturas utilizadas poden identificarse no mesmo apartado referido á ESO.

4.5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS EN BACHARELATO

4.5.1. CUESTIÓNS XENÉRICAS SOBRE A METODOLOXÍA

Para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

1. Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
2. Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
3. Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
4. Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
5. Lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
6. Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
7. Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarase o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación do profesor ou profesora. A función do ensinante será, pois, a de organizar o traballo dos alumnos/as e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caian na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.

O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións, a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaranse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme estes procedementos construtivos.

4.5.2. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS A RESPECTO DAS SITUACIÓNS QUE SE POIDAN PRODUCIR NO DESENVOLVEMENTO DO CURSO NO BACHARELATO

De ser preciso algún tipo de ensino telemático, sexa polo confinamento do alumnado –en todo ou en parte– ou do profesorado, serán tidas en conta as pautas que se establecen a seguir:

Estratexias organizativas

- Todos os luns a primeira hora, e mentres dure o confinamento, poñerase a disposición do alumnado a proposta semanal de traballo, que deberá ser entregado no prazo que se estableza en cada caso tendo en conta a tipoloxía da proposta.
- Haberá unha posibilidade constante de contacto, e de retroalimentación, co profesorado a través, particularmente, do correo electrónico. En todo caso, o profesorado utilizará preferentemente os medios da aula virtual do centro para comunicarse co alumnado.
- Transcorrido o prazo establecido, serán revisadas as tarefas, cun mínimo comentario de cada unha delas, se é do caso, que lle será remitido ao alumnado.

De ser difícil o contacto virtual, poderá optarse por facerlle chegar ao alumnado a proposta de traballo por un sistema impreso a través dos mecanismos previstos polo centro. Non se descarta, neste caso, o contacto telefónico.

Tipoloxía das actividades

Desenvolveranse, fundamentalmente, tres tipos de actividades:

- De lectura e de produción de textos, procurando o adestramento das destrezas básicas.
- De pequenas investigacións sobre aspectos diversos relacionados coa materia: busca de información, elaboración de pequenos informes...
- Propostas de reflexión sobre aspectos máis teóricos relacionados coa materia, necesarias –se é o caso– para o desenvolvemento dos dous tipos de tarefas anteriores.

Materiais e recursos

Utilizaranse, fundamentalmente, catro tipos de materiais:

- Libros de lectura accesibles nas circunstancias de confinamento.
- Materiais producidos *ad hoc* polo profesorado.
- Textos literarios de diferentes épocas.
- Recursos localizados na Rede.

Información ao alumnado e ás familias

Tanto as adaptacións da programación como as estratexias concretas de traballo, así como as canles de contacto en cada caso, seranlles comunicadas ao alumnado e ás súas familias, nomeadamente a través do Espazo Abalar.

4.6. . CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN NO BACHARELATO

4.6.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación son comúns para 1º e 2º de Bacharelato, pero o nivel de esixencia graduarase segundo o curso.

A) Interpretar distintos tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación na que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, mensaxe e as ideas principais e secundarias.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para a:

- Comprensión e valoración de textos de distinta natureza.
- Recollida de ideas fundamentais en resumos, esquemas e mapas conceptuais.
- Aplicación de distintas estratexias e coñecementos de carácter lingüístico, sociolingüístico e pragmático.
- Identificación da intención comunicativa dun texto.
- Emisión de xuízos críticos sobre un texto.

B) Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións orais planificadas relacionadas co currículo ou con algún tema de actualidade, usando recursos audiovisuais, bibliográficos e das TIC.

Avaliarase a capacidade do alumnado para a:

- Participación de forma activa, autónoma e con eficacia comunicativa en interaccións normais.
- Planificación e realización de exposicións orais.
- Integración da información obtida das consultas realizadas.
- Selección de diferentes fontes de documentación e de recursos e estratexias.
- Pronunciación e entoación correcta
- Corrección gramatical.
- Fala fluída e léxico adecuado á situación comunicativa.

- Utilización dos elementos paralingüísticos oportunos.
- C) Compoñer producións escritas planificadas sobre temas da actualidade ou curriculares adecuadas á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e presentación coidada.

Trátase de verificar a capacidade do alumnado para comunicarse por escrito sobre papel ou en soporte dixital. Valorarase a:

- Presentación das producións de maneira clara e ordenada.
 - Corrección formal.
 - Uso dun rexistro adecuado á situación comunicativa.
 - Selección e presentación do tema e das ideas.
 - A utilización de mecanismos de cohesión lingüística.
- D) Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, principalmente dos ámbitos científico e académico e dos medios de comunicación.

Este criterio refírese á valoración da capacidade para :

- A identificación do tema, estrutura formal e informativa e nivel de adecuación.
 - O manexo do tipo de texto máis oportuno para cada situación comunicativa.
- E) Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega.

Trátase de verificar o coñecemento formal e a capacidade de reflexión sobre a lingua, que se observará a partir da súa capacidade de indución sobre textos de distinta natureza.

F) Utilizar sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.

Con este criterio trátase de comprobar se o alumno é quen de transferir e aplicar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico.

G) Coñecer e utilizar un caudal léxico apropiado e amplo.

Este criterio servirá para comprobar:

- A adquisición dun léxico receptivo
- A utilización adecuada deste léxico en producións cada vez máis elaboradas.

H) Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e as desviacións da norma.

Preténdese que o alumnado sexa quen de recoñecer nos textos:

- Información cronolóxica proporcionada por determinadas marcas lingüísticas.
- A procedencia xeográfica do emisor
- grupo social ao que pertence o emisor.
- contexto no que se producen.

E de aplicar estes coñecementos ás propias producións, evitando a utilización de interferencias de sistemas lingüísticos alleos.

I) Valorar a lingua galega e ser quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela.

Trátase de verificar se o alumnado é consciente da situación lingüística actual e da súa problemática.

Valorarase:

- A capacidade de recoñecer prexuízos e valoracións pexorativas nos usos lingüísticos.

- A capacidade para evitalos de forma consciente nas súas producións.
- L) Coñecer as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valorala con espírito crítico, manexando a terminoloxía sociolingüística.

Este criterio pretende comprobar se o alumnado entende a lingua como un fenómeno social e diacrónico que explica a problemática actual do galego.

- M) Coñecer a historia da literatura galega: etapas, movementos, autores/as e obras.

Trátase de comprobar se o alumnado coñece as claves da nosa historia literaria e se comprende a produción literaria como un produto cultural situado nun contexto sociohistórico determinado.

- N) Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias e os distintos períodos, movementos e autores.

Preténdese que o alumnado sexa quen de:

- Ler, interpretar, analizar e valorar con espírito crítico textos e obras literarias, utilizando coñecementos históricos e de análise de texto literarios
- Consultar e manexar de forma autónoma distintas fontes de información, incluídas as TIC que lle permitan interpretar textos e obras literarias.

4.6.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación formativa durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte as probas de cada período avaliador. Poderá haber unhas probas de recuperación para os/as alumnos/as que non superen no seu tempo as probas dos períodos avaliadores trimestrais; será o/a profesor/a quen decida no seu momento o sistema que empregará para recuperar o alumnado. Nas probas escritas do segundo curso de Bacharelato

penalizaranse as faltas de ortografía. Estes erros poderán deixar a nota por debaixo do aprobado. No caso de 1º de Bacharelato teranse en conta estes mesmos criterios á hora de avaliar, aínda que a súa aplicación non será tan taxativa coma no caso anterior (o/a profesor/a encargado de impartir clase habilitará os medios precisos para que a non superación dunha proba escrita non se deba con exclusividade ás faltas de ortografía, senón a un conxunto de factores entre os que figuran a adecuación dos contidos, a correcta redacción dos mesmos e a reflexión sobre o tema ou temas propostos na dita proba.

Completarase cunha avaliación sumativa, que valorará ao final do período ordinario o grao de consecución obtido polo alumno respecto aos obxectivos previstos. En caso de non alcanzar estes obxectivos, existirá unha proba extraordinaria de final de curso.

Un 50% da cualificación corresponderá ás probas escritas; un 20, ás lecturas; un 20% á análise de textos e un 10% ao traballo de clase.

En 2º de Bacharelato as probas estarán suxeitas ás normas da CiUG. Realizaranse dúas probas escritas por avaliación semellantes ás do modelo ABAU, correspondéndolle a cada unha delas un peso do 50% na cualificación final. Nas avaliacións ordinarias considerarase que o alumno/a ten superada a materia se consegue unha cualificación mínima de 5 puntos. Na avaliación final, calcularase a media aritmética das tres avaliacións, con ponderación a partir do 0,5 (exemplo: $5,5=5 / 5,6= 6$). Na avaliación extraordinaria a superación da materia corresponderase cunha cualificación mínima de 5 puntos, coa mesma ponderación aplicada na avaliación ordinaria.

En 2º de Bacharelato, en cada trimestre establecerase un libro de lectura, relacionado co currículo da historia da literatura, cuxo control se fará dentro dunha das probas de cada avaliación.

A realización das lecturas obrigatorias marcadas para 1º de Bacharelato será condición *sine qua non* para a superación da materia. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación. O alumnado que, eventualmente, poida perder o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar, terá dereito a asistir a clase e a unha proba final que se realizará antes da avaliación ordinaria de xuño.

O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta Ordinaria ou Extraordinaria.

5. LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE

5.1. Introducción

Antes que como complemento da de Lingua Galega e Literatura, a materia de Literatura Galega do Século XX e da Actualidade concíbese como unha disciplina autónoma que debe procurar permitirlle ao alumnado, ademais da ampliación de coñecementos literarios, a mellora na utilización de procedementos, técnicas, habilidades e estratexias de análise, investigación, desenvolvemento do xuízo crítico e reutilización da información, aplicables non só no campo literario senón tamén noutros campos do saber e en situacións da súa vida cotiá.

A lectura será actividade fundamental nesta materia, entendida como acción complexa que implica comprender, explicar, analizar, interpretar e valorar a obra literaria, de forma que se perciba como algo vivo, creativo e lúdico, que conforme lectores/as sensibles, curiosos/as, reflexivos/as e respectuosos/as cara a todas as manifestacións literarias, artísticas e de pensamento ou opinión.

Perseguirase asentar todo o proceso de ensino-aprendizaxe nun traballo da aula que estimule as inquietudes literarias do alumnado e no que se fomente o espírito crítico, a escoita e o respecto polas distintas ideas e opinións sobre unha obra, a autoría ou un tema. O desenvolvemento destas actitudes debe conseguir non só que os alumnos e as alumnas afonden nos seus coñecementos literarios, senón tamén que completen a súa personalidade como persoas responsables, críticas e tolerantes, que sexan quen de expor as súas opinións de xeito argumentado, e de captar e aceptar as opinións das outras persoas.

E, paralelamente, en efecto, a materia debe contribuír a afondar nalgúns dos contidos ou estratexias que sexan abordados na disciplina común de Lingua Galega e Literatura, pero sen que esta premisa deba presidir nin determinar en exceso as estratexias de ensino-aprendizaxe que se vaian desenvolver.

Finalmente, máis alá do disposto na normativa oficial sobre o currículo, considéranse tamén obxectivos –se cadra máis específicos– da materia os seguintes:

- Afondar no coñecemento dos distintos xéneros literarios.

- Profundar na análise dos recursos utilizados pola linguaxe literaria.
- Estudar criticamente os principais chanzos da creación literaria ao longo dos ss. XX e XXI.
- Ler, e valorar desde a óptica estética e temática, obras literarias.
- Ser quen de establecer a conexión entre a obra literaria e o contexto socio-cultural no que esta nace.
- Identificar os elementos que permiten relacionar a literatura galega e as tendencias da literatura universal da que forma parte.
- Ser quen de elaborar creacións literarias a partir de pautas dadas, así como traballos de investigación sobre autores/as e/ou obras.

5. 2. Temporalización, contidos, estándares de aprendizaxe e competencias

1ª avaliación

Proxecto	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias
1	A poesía no primeiro terzo do s. XX A depresión finisecular Temas da poesía de Cabanillas. Ética e estética en Cabanillas. As vangardas artísticas na literatura galega. Os manifestos literarios. Principais movementos de renovación poética: Manuel Antonio.	LGSXX 1.1.1 LGSXX 1.2.1 LGSXX 1.3.1 LGSXX 1.4.1 LGSXX 1.5.1 LGSXX 1.6.1 LGSXX 1.7.1 LGSXX 1.8.1 LGSXX 3.1.1 LGSXX 3.1.2 LGSXX 3.2.1 LGSXX 3.2.2	CCL CAA CSC CD CEC AIP
2	A narrativa no primeiro terzo do s. XX O impulso da narrativa galega: as Irmandades da Fala. A renovación narrativa no primeiro terzo do s. XX. O grupo <i>Nós</i> . Vicente Risco: tradición e vangarda. Castelao, unha narrativa orixinal. Otero Pedraio, o escritor integral.	LGSXX 1.1.1 LGSXX 1.2.1 LGSXX 1.3.1 LGSXX 1.4.1 LGSXX 1.5.1 LGSXX 1.6.1 LGSXX 1.7.1 LGSXX 1.8.1 LGSXX 2.1.1 LGSXX 2.1.2 LGSXX 2.2.1 LGSXX 2.3.1 LGSXX 5.1.1	CCL CAA CSC CD CEC AIP

		LGXXX 5.2.1 LGXXX 5.3.1	
3	O teatro do primeiro terzo do s. XX. Contexto histórico. O teatro das Irmandades. O teatro do Grupo <i>Nós</i> e o teatro vangardista.	LGXXX 1.1.1 LGXXX 1.2.1 LGXXX 1.3.1 LGXXX 1.4.1 LGXXX 1.5.1 LGXXX 1.6.1 LGXXX 1.7.1 LGXXX 1.8.1 LGXXX 4.1.1 LGXXX 4.1.2 LGXXX 4.2.1 LGXXX 4.3.1	CCL CAA CSC CD CEC AIP

2ª avaliación

Proxecto	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias
4	A guerra civil e a posguerra. A poesía de posguerra. A actividade cultural no exilio. Do silencio á lenta recuperación. Principais liñas poéticas da poesía de posguerra. A xeración do 36: Características xerais. O socialrealismo: Celso Emilio Ferreiro.	LGXXX 1.1.1 LGXXX 1.2.1 LGXXX 1.3.1 LGXXX 1.4.1 LGXXX 1.5.1 LGXXX 1.6.1 LGXXX 1.7.1 LGXXX 1.8.1 LGXXX 3.1.1 LGXXX 3.1.2 LGXXX 3.2.1 LGXXX 3.2.2	CCL CAA CSC CD CEC AIP
5	A xeración das Festas Minervais. A Promoción de enlace. Características xerais da xeración dos 50. Principais poetas: Antón Avilés de Taramancos, Manuel María, Uxío Novoneira...	LGXXX 1.1.1 LGXXX 1.2.1 LGXXX 1.3.1 LGXXX 1.4.1 LGXXX 1.5.1 LGXXX 1.6.1 LGXXX 1.7.1 LGXXX 1.8.1 LGXXX 3.1.1 LGXXX 3.1.2 LGXXX 3.2.1 LGXXX 3.2.2	CCL CAA CSC CD CEC AIP
6	A narrativa de posguerra.	LGXXX 1.1.1	CCL

	A narrativa entre 1936 e 1976. Principais liñas temáticas. O realismo social e realismo máxico: Blanco-Amor e Cunqueiro. Crónica do mundo rural: Ánxel Fole e Neira Vilas. A nova narrativa galega.	LGSXX 1.2.1 LGSXX 1.3.1 LGSXX 1.4.1 LGSXX 1.5.1 LGSXX 1.6.1 LGSXX 1.7.1 LGSXX 1.8.1 LGSXX 2.1.1 LGSXX 2.1.2 LGSXX 2.2.1 LGSXX 2.3.1	CAA CSC CD CEC AIP
--	--	---	--------------------------------

3ª avaliación

Proxecto	Contidos	Estándares de aprendizaxe	Competencias
7	O teatro de posguerra O teatro galego no franquismo. O teatro no exilio: Blanco-Amor, Castelao. O teatro da Xeración do 36. A modernización: Álvaro Cunqueiro e Carvalho Caeiro. O teatro da Xeración dos 50: A Mostra de Ribadavia, a Xeración Abrente.	LGSXX 1.1.1 LGSXX 1.2.1 LGSXX 1.3.1 LGSXX 1.4.1 LGSXX 1.5.1 LGSXX 1.6.1 LGSXX 1.7.1 LGSXX 1.8.1 LGSXX 4.1.1 LGSXX 4.1.2 LGSXX 4.2.1 LGSXX 4.3.1	CCL CAA CSC CD CEC AIP
8	O ensaio e o xornalismo na literatura galega. O ensaio e o xornalismo en galego no primeiro terzo do s. XX: A Nosa Terra, a revista Nós... O ensaio galego no exilio. O papel da Editorial Galaxia. O ensaio galego a fins do século XX e comezos do XXI.	LGSXX 1.1.1 LGSXX 1.2.1 LGSXX 1.3.1 LGSXX 1.4.1 LGSXX 1.5.1 LGSXX 1.6.1 LGSXX 1.7.1 LGSXX 1.8.1 LGSXX 5.1.1 LGSXX 5.2.1 LGSXX 5.3.1	CCL CAA CSC CD CEC AIP
9	A literatura galega actual A narrativa actual. A poesía actual. O teatro actual. A literatura galega e as outras artes: música, cómic, cinema, teatro...	LGSXX 1.1.1 LGSXX 1.2.1 LGSXX 1.3.1 LGSXX 1.4.1 LGSXX 1.5.1 LGSXX 1.6.1 LGSXX 1.7.1	CCL CAA CSC CD CEC AIP

		LGSXX 1.8.1 LGSXX 2.1.1 LGSXX 2.1.2 LGSXX 2.2.1 LGSXX 2.3.1 LGSXX 3.1.1 LGSXX 3.1.2 LGSXX 3.2.1 LGSXX 3.2.2 LGSXX 4.1.1 LGSXX 4.1.2 LGSXX 4.2.1 LGSXX 4.3.1 LGSXX 6.1.1 LGSXX 6.2.1 LGSXX 6.3.1 LGSXX6.4.1 LGSXX6.5.1 LGSXX 6.6.1	
--	--	---	--

5.3. Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.

Bloque 1. Aspectos comúns

Estándar	%
LGSXX 1.1.1. Le e interpreta textos significativos do século XX e da actualidade, identifica neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valóraos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.	60
LGSXX 1.2.1. Analiza e describe os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan.	50
LGSXX 1.3.1. Estuda e describe a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e reconece as influencias literarias e non literarias presentes nela.	60
LGSXX 1.4.1. Valora e describe a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores.	60
	50

LGSXX 1.5.1. Analiza e describe a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e explica as conexións formais e temáticas existentes entre eles.	
LGSXX 1.6.1. Estuda e describe a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e describe influencias e hibridacións.	60
LGSXX 1.7.1. Elabora traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emite unha opinión persoal argumentada.	50
LGSXX 1.8.1. Crea textos de intención literaria nos que ten presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade.	70

Bloque 2: Narrativa

Estándar	%
LGSXX 2.1.1. Analiza a narrativa galega do século XX e da actualidade, e determina os seus paradigmas, os contextos e as influencias.	60
LGSXX 2.1.2. Comenta e compara textos narrativos da literatura galega do século XX e da actualidade, e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	60
LGSXX 2.2.1. Analiza o relato e sinala as súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.	70
LGSXX 2.3.1. Analiza a novela e describe os seus trazos definitivos: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.	70

Bloque 3. Poesía

Estándar	%
LGSXX 3.1.1. Analiza a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	60
LGSXX 3.1.2. Comenta e compara textos poéticos da literatura galega do século XX e da actualidade e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	60
LGSXX 3.2.1. Describe o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período e describe temas e motivos.	70
LGSXX 3.3.1. Analiza a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período e describe o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento).	70

Bloque 4. Teatro

Estándar	%
LGSXX 4.1.1. Analiza o teatro galego do século XX e da actualidade e determina os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	60
LGSXX 4.1.2. Comenta e compara textos teatrais da literatura galega do século XX e da actualidade, e describe a coincidencia ou diverxencia temática, formal ou estilística.	70
LGSXX 4.2.1. Analiza o teatro desde a súa compoñente literaria e caracteriza a traxedia, a comedia e o drama do período.	60
LGSXX 4.3.1. Analiza o teatro como espectáculo e describe o funcionamento dos elementos e axentes escénicos.	70

Bloque 5. Ensaio

Estándar	%
LGSXX 5.1.1. Analiza o ensaio galego do século XX e da actualidade e determina os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.	50
LGSXX 5.2.1. Analiza diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias.	50
LGSXX 5.3.1. Analiza diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas.	60

Bloque 6. Literatura e outras artes

Estándar	%
LGSXX 6.1.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine.	50
LGSXX 6.2.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.	50
LGSXX 6.3.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.	50
LGSXX 6.4.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía.	50
LGSXX 6.5.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.	50
LGSXX 6.6.1. Analiza e describe as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.	50

5.4. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A materia concíbese globalmente desde unha óptica eminentemente práctica, na que o día a día debe estar guiado polo intercambio de perspectivas, de coñecementos, de elementos de análise crítica... na aula a partir das lecturas realizadas. Desde esta perspectiva, o principal instrumento de avaliación será a observación diaria e individual do traballo de cada alumno/a, da súa implicación na dinámica da clase e, en definitiva, do seu esforzo e compromiso.

Paralelamente, utilizaranse, segundo os casos, os seguintes instrumentos de avaliación:

- A propia produción literaria do alumnado.
- A elaboración de comentarios críticos sobre as obras estudadas.
- A realización de traballos de investigación sobre autores/as ou obras. Estes traballos poderán concretarse en producións do tipo das montaxes power-point, vídeos, temas musicais, etc.

Non se prevé, de regra, a realización de probas escritas (exames) ao estilo clásico na materia.

Non se prevén tampouco instrumentos de avaliación concibidos especialmente para alumnado con **necesidades específicas** toda vez que non cursa a materia ningún alumno/a que poida considerarse destas características.

En consecuencia, a ponderación das producións derivadas de cada un dos instrumentos de avaliación descritos, será a seguinte:

- Produción literaria do alumnado (20%).
- A elaboración de comentarios críticos sobre as obras estudadas (40%).
- Realización de traballos de investigación sobre autores/as ou obras (20 %).
- Desenvolvemento e implicación no traballo de aula (20%).

As **actividades de recuperación e reforzo** deseñaranse, chegado o caso, desde unha perspectiva individual, sempre tendo en conta o aspectos que cada alumno/a deba reforzar ou recuperar. Dun xeito xenérico, algunhas propostas poderán ser dunha índole semellante a:

- Realización de tarefas de clase complementarias, reforzando os aspectos que sexan precisos.
- Presentación de traballos de investigación, tamén sobre os aspectos que sexa preciso reforzar.
- Finalmente, e aínda que dun xeito remoto, contéplase aínda a posibilidade da realización de probas escritas (exames) nas que o alumnado en cuestión deba demostrar a adquisición dos estándares de aprendizaxe no nivel mínimo requirido.

O alumnado que, polas razóns que sexa, perda o dereito á avaliación continua, terá que someterse a unha proba final de toda a materia, e/ou presentar un completo traballo de investigación a partir de pautas dadas que aseguren a consecución, nos seus niveis mínimos esixidos, dos estándares de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación que se contemplan son os seguintes:

1. Ler e interpretar textos significativos do século XX e da actualidade, identificar neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoralos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.
2. Analizar os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan.
3. Estudar a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecer as influencias literarias e non literarias presentes nela.
4. Valorar a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores.
5. Analizar a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e explicar as conexións formais e temáticas existentes entre eles.
6. Estudar a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e describir influencias e hibridacións.
7. Elaborar traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada.
8. Crear textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade

9. Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias.
10. Estudar o relato e sinalar as súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.
11. Estudar a novela e describir os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.
12. Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
13. Estudar o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos.
14. Estudar a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento).
15. Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
16. Analizar o teatro desde a súa compoñente literaria e caracterizar a traxedia, a comedia e o drama do período.
17. Analizar o teatro como espectáculo e describir o funcionamento dos elementos e axentes escénicos.
18. Analizar o ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
19. Analizar diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografías, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias.
20. Analizar diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas.
21. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine.
22. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.
23. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.
24. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía.
25. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.
26. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.

5.5. Concrecións metodolóxicas.

Como xa queda referido, a metodoloxía no desenvolvemento da materia estará baseada na interacción na aula entre todas as persoas presentes nela. Será na propia aula onde textos significativo da obra ou do período en cuestión serán os protagonistas para, a partir da súa lectura crítica, tratar de chegar a construír unha visión global do período, do movemento, do autor/a... en cuestión.

Paralelamente, e cando isto se considere estritamente preciso, utilizarase tamén unha metodoloxía máis clásica, a través da cal se producirá a presentación por parte do profesor –ou mesmo dun alumno/a ou dun equipo de alumnos/as– de aspectos máis teóricos relacionados coa época a estudar.

Igualmente, ao longo do curso escolar haberá momentos específicos nos que o alumnado desenvolva na aula actividades específicas, ben de forma autónoma –realización de traballos de investigación ou de producións literarias persoais– ou ben de forma dirixida.

Finalmente, contéplase a presenza na aula de autores/as actuais. En especial, será programado un recital poético con poetas dos nosos días.

5.6. Materiais e recursos didácticos.

Non existindo libro de texto, na aula terán presenza todo tipo de materiais didácticos –libros, revistas, producións audiovisuais...– e, particularmente, un día á semana será reservado un mínimo espazo de tempo para a lectura crítica da prensa diaria, especialmente naquilo que teña que ver coa cultura, en xeral, e coa literatura en particular.

As obras literarias que, especificamente, serán analizadas durante o curso escolar, serán as seguintes:

Autor/a	Obra que será analizada	Outras obras que poderán ser obxecto de análise
Ramón Cabanillas		<i>Na noite estrelecida</i>
A. D. R. Castelao	<i>Os vellos non deben de namorarse</i>	<i>Cousas</i> <i>Sempre en Galiza</i>

Vicente Risco		<i>Do caso que lle aconteceu ao doutor Albeiros</i>
R. Otero Pedraio	<i>Os camiños da vida</i>	<i>Narrativa breve</i>
Manuel Antonio	<i>De catro a catro</i>	
Álvaro Cunqueiro	<i>Xente de aquí e de acolá</i> <i>Escola de menciñeiros</i> <i>Os outros feirantes</i>	
Ánxel Fole		<i>Á lus do candil</i>
E. Blanco-Amor	<i>A esmorga</i>	<i>Xente ao lonxe</i>
Celso Emilio Ferreiro	<i>O soño sulagado</i>	<i>Longa noite de pedra</i>
Poetas da Xeración do 36	Escolma da súa obra	
Xosé Luís Méndez Ferrín	<i>Con pólvora e magnolias</i>	
Poetas da X. das Festas Minervais	Escolma da súa obra	
Carlos Casares	<i>Ilustrísima</i>	<i>Vento ferido</i>
Manuel Rivas	<i>Que me queres, amor?</i> <i>O lapis do carpinteiro</i>	
Suso de Toro		<i>Land Rover</i> <i>Trece badaladas</i>
Narradores/as da actualidade	Escolma de textos	
Poetas da actualidade	Escolma de textos	

5.7. Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que se contemplan son os seguintes:

1. Ler e interpretar textos significativos do século XX e da actualidade, identificar neles os aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoralos como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia.
2. Analizar os elementos intratextuais e extratextuais que impregnan as obras literarias, así como a estrutura e técnica que os sustentan.
3. Estudar a relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecer as influencias literarias e non literarias presentes nela.
4. Valorar a pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores.
5. Analizar a relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e explicar as conexións formais e temáticas existentes entre eles.
6. Estudar a relación entre a obra literaria e outras artes (cine, pintura, música, etc.) e describir influencias e hibridacións.
7. Elaborar traballos de investigación escritos e/ou orais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias, e emitir unha opinión persoal argumentada.
8. Crear textos de intención literaria nos que se teñan presentes as técnicas e os coñecementos adquiridos no estudo e na análise das obras da literatura galega do século XX e da actualidade
9. Analizar a narrativa galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os contextos e as influencias.
10. Estudar o relato e sinalar as súas principais características: estrutura, técnicas e extensión.
11. Estudar a novela e describir os seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo.
12. Analizar a poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
13. Estudar o fondo ou contido dos principais textos poéticos do período, determinando temas e motivos.

14. Estudar a forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento).
15. Analizar o teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
16. Analizar o teatro desde a súa compoñente literaria e caracterizar a traxedia, a comedia e o drama do período.
17. Analizar o teatro como espectáculo e describir o funcionamento dos elementos e axentes escénicos.
18. Analizar o ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias.
19. Analizar diferentes tipos de ensaios literarios: (auto)biografía, libros de viaxe, memorias, diarios e críticas literarias.
20. Analizar diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas.
21. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e o cine.
22. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a música.
23. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as artes plásticas.
24. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a fotografía.
25. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e a banda deseñada.
26. Analizar as relacións, influencias e producións hibridadas da literatura e as novas tecnoloxías.

5.7. Transversalidade.

O desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe da materia e, en xeral, a concepción global da mesma, estará presidida polo tratamento transversal de contidos relacionados con:

- A comprensión lectora.
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e da comunicación.
- emprendemento.
- A educación cívica.

- A perspectiva de xénero desde a óptica da igualdade.
- Os grandes problemas éticos e morais do noso tempo, tales como a acollida de persoas desprazadas.
- A educación viaria.
- A ecoloxía e respecto polo medio, especialmente no que fai referencia a Galicia.
- A educación dos consumidores/as.
- A educación para saúde.
- A educación para o lecer.
- A globalización cultural e económica e a perda de identidade de Galicia.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

6.1. Recursos materiais

Os recursos didácticos impresos que imos utilizar para o desenvolvemento do curso terán unha procedencia variada, debido principalmente á necesidade de axustarse aos contidos da nosa programación. Por iso, ademais dos libros de texto de cada curso e dos libros de lectura, tamén contaremos con materiais propios elaborados a partir de diferentes libros de consulta: estudos sociolingüísticos, gramáticas, prensa, etc

Empregaremos tamén materiais audiovisuais e informáticos, que se integran nunha concepción activa e motivadora da aprendizaxe. Algúns dos materiais audiovisuais dos que dispoñemos son: medios audio (reprodutor de CD, radio...) ou sistemas integrados (DVD, ordenador e internet). Con eles poderemos desenvolver actividades como a audición de poemas de diferentes épocas: *Escolma poético-musical galega*, da Consellería; *Lelia Doura* ou *Rosalía de Castro* de Amancio Prada; audición de falares de distintas áreas da xeografía galega: *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*, do Arquivo sonoro de Galiza, Consello de Cultura galega, etc.

Os recursos na Rede serán tamén utilizados de maneira recorrente.

6.2. Libros de texto

O libro de texto elixido para 1º, 2º, 3º E 4º de ESO é **Lingua galega e literatura 1, 2º, 3º e 4º ESO. Serie Comunica**. Ed. Obradoiro Santillana.

No *Bacharelato* non se fixou ningún libro de texto, aínda que se manexarán algúns puntualmente para o tratamento de determinados contidos (as profesoras encargadas ocuparanse de organizar estes contidos e asesorarán ao alumnado sobre determinadas consultas a partir dos materiais dispoñibles no centro).

Estes libros inclúen un tratamento explícito das competencias e actividades específicas para a súa adquisición. Así mesmo, dispoñemos (elaborados por esta mesma editorial) de ferramentas dixitais para utilizar na aula, o que resulta especialmente útil para as clases nas que se estea traballando co PROXECTO ABALAR.

6.3. Recursos ambientais

Nas actividades convén conxugar o traballo individual coas tarefas colectivas, así poderemos observar como se desenvolve cada alumno/a en diferentes situacións de aprendizaxe, e evitar a segregación en función das súas capacidades e competencias académicas.

- **Distribución do alumnado.** Conforme ás tarefas que se propoñan, tamén se propondrá a distribución do alumnado: de forma individual, por parellas, tríos ou pequeno grupo (4 ou 5). O traballo por equipos en distintos proxectos e o enfoque de distintas tarefas facilitan a integración e a implicación de alumnado diverso, segundo as súas capacidades, nun traballo común.
- **A aula** é o lugar onde desenvolveremos a maioría das actividades e debe permitir a autonomía de movemento e de comunicación, así como a creación dun clima agradábel de convivencia e traballo. No entanto, temos no centro, á nosa disposición, outras instalacións que nos servirán para realizar actividades alternativas:
- **A biblioteca** constitúe un lugar importante no proceso educativo. A importancia concedida aos procedementos de indagación, consulta de información, traballo en equipo, etc formulan novas necesidades e demandas que fan deste espazo un importante enclave na vida do centro e que convén potenciar. No caso da materia de Lingua e literatura galega é un lugar primordial para a realización de traballos, e resulta ideal para desenvolver actividades de animación á lectura.

- **A aula de informática.** De igual xeito é posible utilizar esta aula para buscar información para determinados traballos da nosa área.
- **A aula Abalar.** O alumnado de 1º e 2º de ESO dispón de ordenadores individuais para traballar na súa propia aula e desenvolver o Proxecto Abalar
- **A emisora de radio Falamelide.**
- **A contorna.** En ocasións, o espazo escolar amplíase máis alá das instalacións do propio centro e o contorno convértese en espazo educativo, incorporándose como un lugar máis no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Para analizar os materiais e recursos didácticos de LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE, pódese consultar o apartado correspondente á programación desta materia.

7. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Ao inicio de curso o profesorado terá en conta os informes previos de cada alumno/a facilitados polo tutor/a, equipo docente e polo departamento de orientación. Ademais, realizarase unha observación directa do alumnado na aula: lectura, escritura, etc., así como unha recollida de materiais que nos indicarán o seu nivel, tanto de expresión escrita, como de ortografía e de coñecementos relacionados coa materia.

Con esta información como punto de partida, realizará unha proba de avaliación inicial que reflecta os seguintes aspectos:

- Nivel das competencias.
- Coñecementos previos adquiridos polo alumno/a.
- Grao de asimilación do traballo realizado na aula durante os primeiros días.

O obxectivo desta proba é coñecer o punto de partida do alumnado, diagnosticar dificultades para poder levar a cabo a programación proposta e, se fose o caso, facer nesta as modificacións necesarias para que o alumno/a acade os mínimos esixibles propostos.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información relacionada con diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (*Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual*).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA ESO E BACHARELATO

O noso sistema educativo baséase na concepción da educación para todos e todas, polo que se proporcionarán igualdade de oportunidades e condicións para o conxunto do alumnado a través da dotación de recursos e medidas para atender á diversidade.

Na ESO o currículo deberá ser flexible e adaptable ás características do noso alumnado. As actividades de reforzo educativo serán de enorme rendemento como medio de atención á diversidade, de modo que cantas máis opcións manexemos e canto máis acordes sexan cos trazos individuais do alumnado, mellor funcionará o proceso de aprendizaxe e de interacción social.

Partindo da diversidade de circunstancias, formularanse metodoloxías e niveis de axuda variados; poderanse prever adaptacións de material didáctico, propor actividades de aprendizaxe diferentes, grupos de traballo flexibles, ralentizar o ritmo de introdución de novos contidos... Todo isto buscará, en último termo, emendar as necesidades que se presenten na aula e que os/as alumnos/as acaden os mesmos obxectivos educativos, traballando sobre os mesmos contidos.

Como medidas concretas, neste curso 2021-2022 realizaranse desde este departamento, previa organización e coordinación co equipo de orientación, as seguintes actuacións:

- Realizarase un seguimento coidadoso do alumnado inmigrante coa finalidade de que acade os obxectivos formulados para o nivel que curse. O profesorado que lle dea clase procurará, daquela, que os rapaces e rapazas que o precisen dispoñan de material complementario e de reforzo. Así mesmo, proporcionaráselles a estes alumn@s as explicacións que lles cumpran para a superación da materia, aínda que isto non sempre se poida realizar na sesión de clase ordinaria. Este curso temos un alumno acabado de chegar do Brasil. Está recibindo inmersión lingüística en galego e en castelán. Ademais de asistir unhas horas ás clases ordinarias, disporá dun horario no que traballará el só cun profesor/a.
- No primeiro ciclo da ESO haberá reforzo para alumnado con dificultades de aprendizaxe..
- Tamén haberá unha aula de Ensinanza Combinada nunha aula específica para todos os niveis con ACI.

9. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

9.1.PLAN LECTOR DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Obxectivos

- Crear e fomentar no alumnado o gusto de ler, de aprender e de utilizar as bibliotecas como lugar de lecer e aprendizaxe.
- Utilizar a información en calquera tipo de soporte para adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.
- Utilizar os textos literarios lidos como modelo para crear eles a súa propia produción.
- Aprender a utilizar a información en calquera soporte, formato ou medio.
- Aumentar a sensibilización cultural e social, así como a capacidade crítica á hora de ler distintos textos e de ver distinto tipo de filmes.
- Aprender a gozar coa lectura e o visionado de imaxes.

- Considerar a biblioteca como un centro de recursos fundamental para acadar os obxectivos da súa materia.

Contidos

- Tipoloxía dos textos da comunicación escrita: literarios e non literarios.
- Estrutura do xornal. A noticia.
- O texto instrutivo e expositivo: páxinas web, dicionarios, enciclopedias, etc
- A narración.
- Léxico amplo e preciso, fraseoloxía e vocabulario temático.
- A poesía
- teatro
- Literatura xuvenil
- cómic.
- Lectura expresiva e adecuada aos patróns fonéticos do galego de textos literarios e non literarios.
- Comprensión de textos de natureza diversa, tanto da vida cotiá como dos medios de comunicación ou do ámbito académico.
- Diferenciación das ideas principais e secundarias dun texto.
- Recoñecemento das diferentes formas expresivas: prosa/verso, narración, descrición
- Recepción da tradición literaria como referencia para a creación de textos, empregando as posibilidades expresivas, estéticas e lúdicas da lingua.
- Visionado de filmes e documentais como medio de coñecer mellor o mundo no que viven e de gozar aprendendo.
- Aproveitamento dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, e as tics.
- Conciencia da importancia da lingua escrita no intercambio social e como medio para fixar a información.
- Interese pola lectura de textos de calquera tipo, sendo conscientes de que son unha fonte de información, aprendizaxe e pracer.
- Valoración das producións escritas caracterizadas pola corrección, eficacia comunicativa, beleza e creatividade.
- Identificación dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes e procura de alternativas.

- Actitude reflexiva e crítica ante os textos e películas que conteñan elementos sexistas ou transmitan calquera tipo de discriminación ou menosprezo, tanto de persoas como de colectivos sociais, grupos étnicos, etc.
- Interese e gusto pola lectura de textos literarios de distintos xéneros, utilizando criterios propios de selección, interpretación e valoración.
- Aprecio polo patrimonio literario propio, así como das diversas producións literarias do mundo.
- Aprecio doutras linguaxes estéticas como o cómic, vídeos...
- Valoración da lectura como instrumento para divertirse e coñecer o mundo.
- Interese por ler blogs relacionados coa lectura ou con outro tipo de temas de interese.
- Actitude crítica ante textos que transmitan algún tipo de discriminación: sexual, racial, socioeconómica...

Actividades

- Explicación dos servizos ofertados pola biblioteca: préstamo individual ou de aula, lectura e consulta na sala, acceso a internet, etc, así como das normas para a súa utilización.
- Información sobre os espazos físicos da biblioteca, localización das distintas materias e maneira de buscar os distintos autores/as e obras.
- Procura de información bibliográfica de carácter individual ou en grupos para a elaboración de traballos na aula.
- Manexo de diferentes fontes de información en formato libro: manuais, enciclopedias, dicionarios... como obras de consulta para a comprensión de textos e a realización de traballos.
- Creación de bibliotecas de aula ou “móviles” para que o alumnado teña un contacto directo cos libros, que os poida manexar e seleccionar os que lle resulten máis atractivos para a súa lectura voluntaria.
- Realización de debates sobre aspectos concretos da obra ou obras lidas por todo o grupo.
- Posta en común das opinións sobre as obras lidas voluntariamente ao longo do trimestre.
- Lectura de cómics nas aulas para potenciar o gusto pola lectura.
- Lectura e comentario de textos da vida cotiá, de actualidade, etc, próximos aos seus intereses.
- Análise dos xornais, tanto dixitais como escritos.
- Participación do alumnado en actividades organizadas dende a biblioteca: charlas, xogos de pistas, cinefórum...etc.
- Participación do alumnado nos clubs de lectura.

Criterios de avaliación

- Valorar positivamente a lectura, ben como medio de información, ben como fonte de pracer.
- Desenvolver criterios de preferencias persoais sobre a selección de lecturas.
- Utilizar habitualmente as bibliotecas, tanto para facer traballos esixidos pola actividade escolar como para procurar libros de lectura persoal.
- Identificar o xénero ao que pertence unha obra literaria lida.
- Analizar e comentar textos pertencentes aos distintos xéneros.
- Identificar aqueles autores e obras máis relevantes da literatura galega.
- Producir textos tomando como modelos as obras lidas
- Analizar mensaxes.
- Valorar os filmes como unha fonte de información e de lecer.
- Identificar en textos de todo tipo aqueles usos, contidos ou ideas que denotan algún tipo de discriminación.

Temporalización

Tendo en conta que estamos falando da materia de Lingua e literatura galega, o tempo dedicado á lectura e a traballar cos textos nos se pode cuantificar, posto que sería unha parte moi importante do tempo de clase e tamén do tempo que lle dedican na casa a facer algunha tarefa para esta materia, ler libros propostos pola profesora ou por eles mesmos, ver filmes, etc.

Atención á diversidade

Para os alumnos/as que presentan dificultades de lecto-escritura ou ben porque non teñen adquirido a técnica ou porque proceden doutras comunidades e non teñen dominio da lingua galega, a lectura é algo esencial, por iso facilitarémolles información bibliográfica para que lea textos e vexa filmes que fomenten o gusto pola lectura ao mesmo tempo que axuden a mellorar a técnica lectora e a comprensión dos textos e filmes.

9.2. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

Obxectivos

- Ensinar a alumnado e profesorado a utilizar as TIC como medio de comunicación, formación e información rápidas e dinámicas.
- Fomentar a procura de información na rede e facilitar ao alumnado as ferramentas para facelo.
- Educar no espírito crítico para seleccionar a información útil e a superflua.
- Reforzar as comunicacións entre alumnado do centro, e con alumnado doutros centros.
- Integrar soportes variados TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Utilizar os recursos dixitais para recibir e crear información, e difundila.

Temporalización

- Utilización do powerpoint como recurso ordinario na aula desde o primeiro momento do desenvolvemento do proxecto.
- Realización un día á semana de traballo con correo electrónico con outros centros.
- Traballo un día á quincena na creación e mantemento dun blog.
- Participación un día ao mes na dinamización dun foro sobre un tema dado.
- Traballo durante unha semana ao trimestre nunha web-quests

Recursos

Entre outros:

- Un ordenador e un canón de vídeo en cada aula.
- Conexión a internet en todo o espazo do centro.
- Un ordenador por cada dous alumnos/as.

Actividades

- Utilización do powerpoint tanto para as explicacións do profesorado como para a exposición de traballos elaborados polo alumnado.
- Posta en marcha dun proxecto de intercambio epistolar con alumnado doutros centros a través do correo electrónico.
- Creación dun blog por aula a partir das características que se definan por parte de todos os integrantes de cada unha delas.
- Posta en marcha dun foro por trimestre sobre un tema dado, sendo responsabilidade de cada aula a elección do tema e a dinamización do foro.
- Creación de web-quests a través do traballo de aula. Cada grupo de alumnado retará co seu traballo ás outras aulas do seu mesmo nivel educativo.

Atención á diversidade

- Utilización dos recursos que a rede ofrece para o traballo con alumnado que presenta necesidades educativas especiais.
- Creación de hot-potatoes específicos para o traballo con este tipo de alumnado.

9.3. EDUCACIÓN EN VALORES

A educación en valores é un dos aspectos fundamentais na educación do alumnado e a ela contribúese dende todas as áreas do currículo. Dende as nosas materias pódese contribuír amplamente a esta educación en valores.

En maior ou menor medida, trataranse en todos os bloques cuestións relativas á:

- Educación ambiental.
- Educación vial.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
- Educación para o lecer.
- Educación para a saúde e a calidade de vida.

- Educación para o consumo.
- Educación para a paz.
- Educación para a convivencia.

9.4. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Sendo un obxectivo fundamental do centro, en tanto que centro educativo, conseguir a plena integración de todos os membros da comunidade educativa, en especial do alumnado –e desde a perspectiva de que só pode ser respectado aquilo do que te sintas partícipe e protagonista–, desde o Departamento inténtase contribuír á plena consecución deste obxectivo con iniciativas como as seguintes:

- Participación dos integrantes do Departamento en todos os foros do centro nos que se debatan os problemas e as estratexias derivadas da convivencia.
- Promoción da integración do alumnado nos diferentes grupos de traballo e proxectos colectivos –biblioteca, radio, televisión, contratos-programa...– existentes no centro, desde a óptica de que a implicación persoal leva de por si ao respecto por todos e cada un dos membros da comunidade educativa.
- Particularmente, selección de textos nos que explícita ou implicitamente se pule polos valores de tolerancia, democracia, respecto...
- Especificamente tamén, adestramento do alumnado nas técnicas do debate e da confrontación pacífica, e enriquecedora, sobre un asunto dado.
- De xeito cada vez máis urxente, deseño específico de actividades que posibiliten unha mellor comprensión das posibilidades e dos perigos e das redes sociais, e de internet en xeral.
- Desenvolvemento de procesos de mediación nos conflitos, dirixidos á solución dos problemas de maneira xusta e consensuada, e procurando sempre, especialmente, que non rachen os fíos de comunicación entre os alumnos/as, pero sobre todo entre alumnado e profesorado.

10. PREVISIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS A DESENVOLVER NO CURSO ESCOLAR 2021-2022

Ademais da participación nas actividades extraescolares que organice o centro (radio escolar, grupo de teatro, xogos tradicionais, club de lectura...) contéplase a realización doutras actividades do noso interese que consideramos proveitosas para o alumnado. O feito de que dependamos en moitos casos da oferta que se nos faga (as funcións de teatro, por exemplo, represéntanse nunhas datas concretas que nós non decidimos) impídenos concretar máis, tanto no tipo de actividade como na súa periodización. Loxicamente, a programación deste tipo de actividades dependerá tamén da situación sanitaria concreta e das instrucións que existan en cada momento do curso. É por este motivo polo que só indicamos cales son as nosas propostas dun modo xenérico. Ao longo do curso procurarase informar tan axiña como nos sexa posible á responsable das actividades extraescolares e á Xefatura de Estudos e concretarase na memoria final do departamento todo o que finalmente se puido realizar.

De modo xeral, propoñemos para este curso:

- Asistencia a representacións teatrais, musicais, contacontos, proxeccións de cine e exposicións en calquera momento do curso (dado que non son actividades ao aire libre intentarase que coincidan co 1º ou co 2º trimestre). Os destinatarios neste caso poden ser tódolos alumnos do centro. Posibles coordinacións co Departamento de *Música e Xeografía e Historia*.
- Programación de conferencias e charlas con escritores/as a realizar no propio centro (daráselle preferencia aos autores lidos pol@s alumn@s que queiran e poidan visitar o IES de Melide ao longo do curso; dependemos, xa que logo, do que eles nos respondan). Organizarase esta actividade en coordinación coa *Biblioteca* e co *Departamento de Dinamización Lingüística*.
- Viaxes a diferentes puntos da contorna e de Galiza (preferentemente a partir do mes de abril, no caso de visitas a exteriores, e en calquera época se se trata dun museo ou calquera institución nos que a visita se faga en interiores). Segundo o considere o profesor ou profesora, calquera dos niveis impartidos na ESO ou no Bacharelato podería participar nesta proposta. Poderíamos realizar esta actividade conxuntamente cos departamentos de Bioloxía, Educación Física (sobre todo nas rutas exteriores) e, puntualmente, con outros departamentos en función das actividades que se nos ofrezan.
- Roteiros literarios que se estimen oportunos entre o 2º e o 3º trimestre: *Rosalía e Padrón, a Casa dos Poetas e Curros en Celanova, Blanco Amor e Ourense, os autores de Rianxo...* En función do

que cada profesor considere oportuno no desenvolvemento da súa programación, optárase por unha escolla ou outra e organizaranse as visitas elixidas. Esta actividade, que require de informe ás veces, e de cita previa sempre, comunicárase con bastante antelación para que o centro poida organizarse de forma adecuada. Posible coordinación co departamento de *Educación Física e Xeografía e Historia*.

- Saídas puntuais á vila de Melide e contorna inmediata (tanto a lugares de interese coma aos organismos que representan a vida cultural da vila: o museo etnográfico, a Casa da Cultura – onde periodicamente se realizan exposicións- e outras, de carácter itinerante, que recalen neste concello ao longo do curso. Esta actividade poderíase organizar conxuntamente cos departamentos de *Educación Física, Bioloxía, Física e Química, Tecnoloxía, Xeografía e Historia e Música*.
- Visitas a lugares de interese, nomeadamente aos que representen unha ambientación literaria – ás veces histórica tamén- que o alumnado coñeza inicialmente a través da lectura ou do estudo na clase (na medida do posible, a partir de marzo). Esta actividade está pensada especialmente para o alumnado de *Literatura do Século XX* de 2º de Bacharelato. Posible coordinación co departamento de *Xeografía e Historia*.
- Intercambio lingüístico entre o noso alumnado de 4º ESO ou 1º BAC e o dalgún centro dos bloques occidental ou oriental para que comprobem *in situ* as variedades diatópicas do galego (faríase a visita de un ou dous días ao outro centro e visitaríannos eles en Melide do mesmo xeito). Posible coordinación co departamento de *Xeografía e Historia*.
- Actividades de animación á lectura, en coordinación co Equipo de biblioteca e o Club de lectura.

Como obxectivo particularmente desexable, este curso propoñémonos optimizar a oferta que temos máis achegada ao centro :

- Acudir ao teatro na vila se se ofrecese a ocasión de ver algunha representación que se contrate, por exemplo, en coordinación co concello.
- Dedicar polo menos unha semana do curso á observación do medio natural que nos rodea (flora, fauna, orografía...) en coordinación cos departamentos de Bioloxía, Xeografía e Historia e Educación Física.

- Propoñemos así mesmo levar á práctica dunha maneira máis explícita a educación en valores que intentamos proporcionarlles aos/ás rapaces e rapazas nas actividades extraescolares:
- Reducindo, reciclando ou recollendo os residuos que produzamos na actividade.
- Procurando comer san o día que saiamos.
- Practicando un comportamento no que saliente o civismo.
- Exercendo sempre que poidamos a solidariedade cos máis desfavorecidos.
- Empatizando cos que son diferentes a nós en calquera aspecto (desde o propio alumnado do centro a calquera individuo ou colectivo co que se tome contacto nalgunha das actividades).

Outra proposta de cara aos vindeiros meses sería introducir nas aulas (literalmente) persoas que teñan algo que ensinar, desde o inmigrante que nos conte a súa experiencia persoal en procura dunha vida mellor ata o artesán cesteiro, por exemplo, que vive preto de nós e nos pasou desapercibido. Cómpre recupera-la palabra de novo e darlle a súa xusta medida nunha época caracterizada pola hexemonía do visual. Trátase de reequilibrar as dúas opcións en favor dunha formación integral do noso alumnado. Para levar a cabo esta tarefa, sería recomendable que se desenvolvera en grupos e espazos reducidos, pois as charlas cun gran número de alumn@s “estráganse” moi a miúdo polo ruído de fondo, a falta de atención dunha parte dos asistentes (*contaxiosa* case sempre), a propia aglomeración... Por outra banda, ao falarmos da aula estamos presupoñendo un tratamento ou unha preparación previa por parte dos profesores que redundaría sen dúbida nun mellor aproveitamento da actividade.

Por último, sería bo que na medida do posible se implicase máis ás familias do alumnado, como parte fundamental que son na educación dos seus fillos, á hora de planificar as actividades extraescolares e participar nelas, ben activamente, ben como receptores. Algunhas ideas a este respecto (que xa son “clásicos”, pero que sería conveniente recuperar ou potenciar) podería ser:

- Organizar un concurso de disfraces feitos na casa (preferentemente con materiais de refugallo, non mercados expresamente para o labor) coa axuda dalgún familiar.
- Representar algunha peza teatral á que puidesen acudir as familias como público.
- Realizar un concerto musical estable no que se puidesen participar tamén os profesores que o desexasen (tocando un instrumento ou cantando) para ofrecelo á comunidade educativa en xeral -unha ocasión máis para convidar ás familias-. Cómpre lembrar a este respecto a conveniencia de solicitar espazos axeitados, por exemplo, para os concertos, como o auditorio

municipal. Falamos de ocasións especiais con moito traballo e con moitos ensaios previos. A estrea, xa que logo, ben merece un marco óptimo.

- Potenciar a gastronomía local desde o centro, realizando, se é posible, talleres de cocíña ou visitas na vila onde se poida ver como a preparan. Outra opción é organizar un concurso no que os rapaces poidan, con axuda na casa, preparar algún prato de comarca nalgunha data sinalada (doces de entroido...). Esta idea aínda podería levarse máis aló e facer un itinerario completo da comida, desde os prezos dos ingredientes (observando cales se producen aquí), ata a súa comercialización (movementos do mercado), pasando polos custos da súa elaboración ou o valor nutricional do produto final. A proposta, algo longa na súa execución, daría xogo, por exemplo, nunha titoría xa “consolidada” no curso (na que xa estean superados os conflitos iniciais dun grupo que se está coñecendo). Un bo momento para realizala sería, por exemplo, o segundo trimestre.
- Traballar este curso co tema dos ríos, aproveitamento e tradición oral relacionada con eles.
- Participar nas actividades desenvolvidas a partir do Equipo de biblioteca.

11. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O Departamento de Lingua e Literatura do IES Melide formula as seguintes estratexias de recuperación da materia de Lingua Galega e Literatura pendente nos diferentes cursos de ESO:

- Este departamento decide seguir mantendo o criterio dos contidos progresivos. Esta consideración provoca que, en xeral, non sexan contemplados plans específicos de traballo para o alumnado coa materia pendente, máxime no caso de alumnado con graves dificultades de aprendizaxe ou con problemas de adaptación ao traballo escolar. Porén, o alumnado ao que se fai referencia –do mesmo xeito que aquel que presente dificultades esenciais no dominio do idioma, aínda tendo superada a materia-, será obxecto dunha atención especial, coa atención individualizada que sexa posible e mesmo coa proposta de traballo específico cando así se vexa preciso, por parte do profesorado que lle imparte a materia no curso escolar no que está escolarizado. É o profesorado que lle imparte clase no curso superior o que debe decidir o tipo de traballo que debe realizar o alumnado coa materia pendente e a superación ou non da mesma.
- En consecuencia, o alumno ou alumna que supere a materia de Lingua Galega e Literatura no curso no que está escolarizado, considerarase que ten superada a do curso anterior se a tivese

pendente. Se non é quen de superar a materia do curso no que está escolarizado nin realizou os traballos, lecturas, etc. que lle asignou o profesor/a que lle imparte clases no curso actual, dependerá da superación dunha proba específica á altura do mes de maio –e de final de curso, se for o caso–. Esta proba deseñárase de tal maneira que persiga avaliar o dominio das técnicas básicas no uso do idioma –lectura, comprensión, expresión–. A xefa do departamento encargárase de coordinar o seguimento do alumnado por parte dos seus profesores e deseñará con eles, se fose preciso, a proba obxectiva final que deban realizar os alumnos e alumnas coa materia pendente.

12. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO.

Partirase da observación directa, así como da realización de probas tanto a nivel oral como escrito. Nelas acreditarán os seus coñecementos de lingua, sociolingüística, literatura, etc. Outro procedemento consistirá na realización dunha avaliación inicial.

13. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

No proceso de aprendizaxe faise necesaria unha reflexión sobre a práctica docente co fin de melloralas. Parécenos necesario facer esta autoavaliación nos seguintes ámbitos de traballo:

- Tratamento da diversidade
- Motivación e protagonismo do alumnado
- Actividades da aula

- Avaliación
- Programación

Para os catro primeiros ámbitos elaboramos unha relación de ítems a valorar:

- Deseño diferentes actividades para o logro de cada un dos obxectivos?
- Motivo ao alumnado explicándolle ben os obxectivos a conseguir e a finalidade da actividade?
- Para o deseño dunha actividade teño en conta os coñecementos previos do alumno/a?
- Relaciono os contidos das actividades coa vida real?
- Propoño actividades que fomenten a autonomía e iniciativa do alumnado?
- A alumna/o coñece como será avaliada cada actividade ou proba escrita?
- Programo actividades en función das características de cada alumno/a e teño en conta a diferenza á hora de deseñar tarefas e valorar logros?
- Propoño metodoloxías diversas?
- Como organizo o traballo do grupo? (parellas, grupos pequenos, grupos grandes, individual...)
Funciona cada tipo de agrupamento?
- Favorezo o traballo interactivo entre os diferentes grupos e organizo axudas entre iguais?
- Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe? (material impreso, medios audiovisuais, mapas, internet...)
- Adapto o material ás diferentes características e necesidades do alumnado?
- Deseñei adecuadamente as ACI daqueles alumnos/as que a necesitan?

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

As vías polas que se opta no curso 2021-2022 para a avaliación da propia programación son as seguintes:

- Análise e seguimento detallado dos avances e/ou atrancos que da súa posta en práctica se derivan nas reunións de departamento, recollidas nas súas correspondentes actas.

- Reunións periódicas da Comisión de coordinación pedagóxica nas que, ademais de reflexionar e tomar decisións sobre as cuestións que nos afectan aos departamentos en xeral, tamén se pode expoñer de forma clara a contextualización que cada departamento fai da súa orientación didáctica. É especialmente importante ter en conta, á hora de programar e de avaliar a programación, as particularidades do noso centro, tanto a nivel xeográfico como económico e cultural .
- Calquera reunión non formal entre os membros do departamento que puidese contribuír á mellora, supervisión ou emenda de todo o programado a comezos de curso (moitas veces a xuntanza semanal que se reflicte nos nosos horarios resulta insuficiente ou algo afastada no tempo de temas puntuais que requiren inmediatez no seu tratamento. Resulta moi eficaz e mesmo moi recomendable, abordar un asunto xusto no momento en que é preciso: así, conseguimos resolvelo se é un problema ou emendalo se resulta ser unha mera rectificación, de tal forma que na reunión semanal estable confírmanse actuacións xa claras e podemos avanzar con máis facilidade).
- A realización de memorias de todo o desenvolvido durante o curso, particularmente no que á consecución de obxectivos e metodoloxía se refire, pois os contidos, a miúdo, son “graduables” na súa orientación, é dicir, distribúense dunha maneira ou doutra ou priorízanse uns sobre outros en función das necesidades didácticas do noso alumnado.

Melide, 14 de setembro de 2021

Francisco Veiga García
Xefe de Departamento